



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 23/2023
CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
03 DE NOVEMBRO DE 2023

PRACTA

ÓRGANO: Xunta de Goberno Local

SESIÓN: Ordinaria

FECHA: 06-11-2023

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (23/10/2023). APROBACIÓN.

2.-PUBLICACIÓNS BOLETÍNS OFICIAIS

3.-XULGADOS E TRIBUNAIS

4.-FACTURAS. APROBACIÓN E PAGO

5.- LICENCIAS DE OBRAS

5.1.-CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR O PARAÍSO, BERDILLO. EXPTE: 2023/U022/000066.

5.2.- CONSTRUCCIÓN DE ESTABLO E FOSA DE PURÍN PARA EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE NO LG. CALVELO, SOFÁN. EXPTE 2023/U022/000013.

6.-SUBVENCIONES

6.1.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O SNL ASUNTO: SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE CARBALLO DURANTE O ANO 2024

6.2.-PETICIÓN DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA FINANCIAR GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE DEPORTE DO CONCELLO DE CARBALLO DURANTE O ANO 2024.

7.-APROBACIÓN BASES CONCURSO DE POSTAL E CARTEL DE NADAL 2023

8.-BASES E CONVOCATORIAS

8.1.-BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE TRES (3) PRAZAS DE OFICIAL DE EMERXENCIAS (GRUPO C, SUBGRUPO C1), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE COMETIDOS ESPECIAIS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

8.2.-BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE DOUS (2) PRAZAS DE OFICIAL TRACTORISTA (GRUPO C, SUBGRUPO C2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

8.3.-BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE CATRO (4) PRAZAS DE OFICIAL MANTEMENTO OBRAS (GRUPO C, SUBGRUPO C2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

8.4.-BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE TRES (3) PRAZAS DE SUBALTERNO-CONSERXE (AGRUPACIÓN PROFESIONAL), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

9.-RESERVA ESPAZO PÚBLICO.

9.1.- VAO PERMANENTE NA AVDA. CRISTINA, NÚM. 81.AUTORIZACIÓN

9.2.-RESERVA ESPAZO APARCAMENTOS RÚA PONTEVEDRA 7. VADO Nº 395. CAMBIO TITULARIDADE .

9.3.-RESERVA ESPAZO APARCAMENTOS RÚA RIO MIÑO 15. VADO Nº 92 .CAMBIO TITULARIDADE .

9.4.-RESERVA ESPAZO APARCAMENTOS RÚA AVENIDA DE BERGANTIÑOS 115. VADO Nº 1061.CAMBIO TITULARIDADE

FOD.1.-TURISMO - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A DEPUTACIÓN PARA EVENTOS DE ARTE PÚBLICA URBANA NA MODALIDADE DE PINTURA MURAL 2024 (DP0040)**FOD.2.- NOVIEMBRE CON MÚSICA 2023****10.- ROGOS E PREGUNTAS.**

ACTA Nº 23 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 06 DE NOVEMBRO DE 2023

Na Casa Consistorial o seis de novembro de dous mil vinte e tres (06/11/2023) sendo as trece horas e **trinta minutos (13:.....h.)**, reúnese a Xunta de Goberno Local na sala de Xuntas do concello de Carballo, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde Evencio Ferrero Rodriguez, coa asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

Asistentes á sesión:

María Belén Lendoiro Esmorís
Xosé Regueira Varela
María de los Angeles Pacoret Rodriguez
Maruxa Suarez Cotelo
Ivan Andrade Tasende
María Mar Eiris Villar

Asiste pola Intervención a Interventora municipal, dona Irache Enriquez Albaina, e pola Secretaría o Secretario Xeral don Miguel Piñeiro Souto, que dá fe do acto.

Declarada aberta a sesión trátanse os seguintes asuntos, incluídos na orde do día:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (23/10/2023). APROBACIÓN.

A Xunta de Goberno Local **acorda aprobar** a acta da sesión celebrada o día 23 de outubro de 2023 ordinaria (XGL 22/2023), que foi repartida coa convocatoria.

2.-PUBLICACIÓNS BOLETÍNS OFICIAIS

2.1- BOP

-Nº 203 de 24 de outubro

Servizo de Enerxía e Minas. Acordo do 17 de outubro do 2023 da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Carballo (expediente IN407A 2023/399-1).

-Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego Acordo da Xunta de Goberno de 20 de outubro de 2023 de aprobación das Bases reguladoras á voluntarios de protección civil en concellos de menos de 50.000 habitantes para actividades durante o ano 2024 (DP0032/2024)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de técnico/a de urbanismo (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de arquitecto (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de técnico/a auxiliar patrimonio (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de sesión ordinaria celebrada el día 9 de octubre de 2023, por el que se aprueban las bases de la convocatoria de subvenciones destinadas a la

promoción y el fomento del deporte escolar en el Ayuntamiento de Carballo durante el curso 2023/2024.BDNS (Identif.): 722062

-Nº 204 de 25 de outubro

-Concello de Carballo. Inscripción inventario municipal dúas fincas sitas en Paraxe Curro, lugar Choias, parroquia Artes.Inventario municipal de bens do Concello de Carballo. Resolución dun expediente relativo a dúas fincas sitas no paraxe do Curro, Lugar de Choiás, parroquia de Artes. Actualización.

-Administración local. Carballo:

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de profesor CMUS trompeta (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de profesor CMUS piano (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de profesor CMUS trombón (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de profesor CMUS violín (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de profesor CMUS guitarra (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de profesor CMUS saxofón (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de profesor CMUS frauta (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de profesor CMUS canto (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de profesor CMUS harmonía, fundamentos composición e gaita (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

-nº 203 de 27 de outubro

-Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica.Bases reguladoras das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-Concellos 2024), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local

-Carballo.Aprobación inicial modificación ordenanza 10 reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias do Ciclo Integral da Auga.

-nº 208 de 31 de outubro

Carballo.Corrección de erros nas Bases do Programa Anual de Actividades Culturais (1 nov 2021 ata 31 de dec 2022)

-Nº 209 de 2 de novembro

-Deputación Provincial da Coruña. Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais.

- Aprobación da segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 por maior achega provincial -Carballo. XT - Modificación Ordenanza Fiscal nº 1: Imposto sobre Bens Inmóveis, para o exercicio 2024
- Carballo. Modificación Ordenanza Fiscal 03: Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. Aprobación inicial

-nº 210 de 3 de novembro

- Carballo. Convocatoria de subvencións e axudas públicas. Extracto do acordo aprobado por resolución da Alcaldía de data 6 de outubro de 2023, polo que se aproban as Bases para a Convocatoria de axudas a través de Incentivos a Contratación Temporal por conta allea do Alumnado Traballador do Taller Dual de Emplegar o "FORUM DUAL" nas especialidades de Atención Sociosanitaria as Persoas Dependentes nas Institucións Sociais e Cociña do Concello de Carballo

2.2.- DOGA

-Nº 205 de 27 de outubro de 2023

- Vicepresidencia segunda e consellería de medio ambiente , territorio e vivenda. ANUNCIO do 19 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se somete a información pública a documentación para a revisión da autorización ambiental integrada outorgada a Calvo Conservas, S.L.U., da planta de fabricación de conservas localizada na estrada Coruña-Fisterra, quilómetro 34.5, Carballo (expediente 2020-IPPC-M-45).

-Nº 206 de 30 de outubro de 2023

Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

- ORDE do 23 de outubro de 2023 pola que se modifica a Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (Diario Oficial de Galicia número 19, do 27 de xaneiro).

-Consellería de política Social e Xuventude

- RESOLUCIÓN do 23 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pola que se publica a Resolución de 20 de outubro de 2023, de concesión de axudas ao abeiro da Orde do 1 de agosto de 2023 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no Programa voluntariado xuvenil, así como proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural, con base no proxecto piloto Talento interxeracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento BS320A).

-Axencia de Turismo de Galicia

- RESOLUCIÓN do 26 de outubro de 2023 pola que se amplía o prazo de execución e xustificación e se reaxustan as anualidades previstas na Resolución do 14 de marzo de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TU503G).

-Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

RESOLUCIÓN do 23 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2024, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

“....19. Carballo: 24 de xuño, festa patronal de San Xoán Bautista, 25 de xuño, festa patronal de San Xoán Bautista.....”

3.-XULGADOS E TRIBUNAIS

.- Decreto do 24/10/2023 (registro de entrada nº 202300000006288 de 31/10/2023) do Xulgado do Social número 1 da Coruña.

- Procedemento: Ordinario 771/2023
- Denunciante: Margarita Pérez Bardanca
- Demandado: Concello de Carballo
- Acordo: “admitir a trámite la demanda presentada, y en consecuencia citar a las partes para que comparezcan el día 15/07/2024 a las 10:30 horas [...]”

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, **por unanimidade dos/as seus/súas membros (7)**, acorda propoñer ao sr. Alcalde a encomenda da defensa letrada e a dirección xurídica do Concello de Carballo no Procedemento Ordinario 771/2023, que se segue diante do Xulgado do Social número 1 da Coruña, a

4.-FACTURAS. APROBACIÓN E PAGO

Vista a relación de facturas e abonos de facturas que se achega, correspondente a prestacións realizadas, que se presentan para a súa aprobación por importe total de **35.923,89 euros**.

Visto que se acredita a execución dos obras ou servizos, ou a recepción dos efectos, contando coa conformidade do alcalde ou concelleiro delegado competente, e no seu caso do persoal municipal responsable.

Considerando que as facturas constan debidamente rexistradas na contabilidade municipal, e que existe crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias correspondentes.

Visto o establecido no artigo 185.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Visto o informe da intervención municipal de data 02/11/2023 contido no expte 2023/T003/000063.

E vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 31/10/2023, no expte. 2023/T003/000063, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 de 20/06/2023 (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar as facturas que se relacionan a continuación:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

Nº de Entrada	Nº de Factura	Data Factura	Importe Total	Sit	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2023/4000	HRS 364	04/09/2023	627,00	CO	B70189501	RAXERIA RIO SIL SL	VLADMIR PETKOV INDIVIDUAL 1 ADULTO - SOLO ALOJAMIENTO ESTANCIA DEL 25/8/2023 Y 26/8/2023 / NEURIS DELGADO RAMIREZ INDIVI
F/2023/4161	RE 427	13/09/2023	890,00	CO	B70348610	MAR DE MENTA VIAXES SL	-12º SEMINARIO DE COMPOSTAJE DOMESTICO Y COMUNITARIO (SANTA EULALIA DES RIU-IBIZA) DEL 19 AL 22 DE OCTUBRE- PASAJEROS
F/2023/4187	23A 078	31/08/2023	847,00	CO	B15235294	MADERAS EUCATAR SL	LAXUR 25 LITROS (BRIGADA-AREA DESCANSO VILELA)
F/2023/4309	FV 23000719	15/02/2023	86,79	CO	B70534508	BM CREA GALICIA SL	RESINA UNION BIGMAT 5KG-CEIP FOGAR
F/2023/4316	A/483	06/09/2023	837,50	CO	76359561K	VALIÑA LEMA LUSITACION	ALOXAMENTO XOGADORES DO SEXTO ABERTO DE XADREZ DO CONCELLO DE CARBALLO
F/2023/4331	FV 23002109	15/05/2023	21,73	CO	B70534508	BM CREA GALICIA SL	COLA BIGMAT FLEXIBLE BLANCO 25KG-CEIP FOGAR
F/2023/4335	FOR 20	28/09/2023	300,00	CO	32822371Z	BLANCO VAZQUEZ GUADALUPE	REALIZACIÓN DE 2 OBRADOIROS DE REGUEIFA DO PROGRAMA ESPAZO APEGO O 27/09/2023 NA BIBLIOTECA REGO DA Balsa
F/2023/4373	1/2023/1204	30/09/2023	36,30	CO	B70608682	MP DISTRIBUCIONES BERGANTIÑOS SL	[ALQOS02] ALQUILER MAQUINA OS02-PRAIAS
F/2023/4379	58047179	30/09/2023	249,61	CO	A78007473	LEASEPLAN SERVICIOS S.A.	Alquiler de vehículo/s con matrícula 5561MGK, con contrato 443519 para el periodo 2023-09-01 a 2023-09-14 (Model: RENAU
F/2023/4392	A23 2515	30/09/2023	119,94	CO	B15588767	ALMACENES ROMA S.L.	GUANTE BK 2560 10DIS X 50UN T-M / TORTA HILOS DE ACERO GRANO FINO / DECAPANTE 0,75L / D/ UNIVERSAL Q-214 1L / PALETINA
F/2023/4478	01 00101---23000524	30/09/2023	543,05	CO	B15011950	RADIO CORUÑA S.L.	MERCADILLO DE VERAN / MERCADILLO DE VERAN / MERCADILLO DE VERAN / MERCADILLO DE VERAN
F/2023/4497	16	04/10/2023	80,00	CO	B70132501	PANADERIA NURIA, S.L.	TARTAS CHOCOLATE - INAUGURACIÓN ESTATUTA XESTAL-CENTRO SOCIAL DE LEMA

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

F/2023/4510	61E	02/10/2023	544,50	CO	52434812X	FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ PORTEIRO	IMPRESIÓN DESPEGABLES, CARTEIS, POSTAIS, FANZINES, PEGATINAS (ALPRENDE 0)
F/2023/4538	A23 534	30/09/2023	387,07	CO	B04953980	FRAGA Y RODRIGUEZ CAR, S.L.	AFORADOR DEPOSITO / SUSTITUIR AFORADOR PROTECCION CIVIL 6492 JHB RENAULT TRAFFIC
F/2023/4539	P23 008552	30/09/2023	151,25	CO	A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	FEIRA OPORTUNIDADES; SEP-3; La Voz de Galicia; Carballo - Bergantiños; Primera Edicion; 2x2 MOD;
F/2023/4541	I23 001190	30/09/2023	411,40	CO	A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	FEIRA OPORTUNIDADES; SEP-4, 7; lavozdegalicia.es; Carballo; ROBA_1 DOBLE (300 X 600); impr; / FEIRA OPORTUNIDADES; SEP-
F/2023/4550	P23 001634	30/09/2023	266,20	CO	B15054414	VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.	C CARBALLO AXUDA MULLER; SEP-1, 4, 5, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14, 15, 18, 19, 20, 21, 22, 25, 26, 27, 28, 29; Radio Voz; Ca
F/2023/4552	P23 001632	30/09/2023	62,92	CO	B15054414	VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.	C. CARBALLO- FEIRA OPORTUNIDADES; SEP-4, 5, 6, 7, 8; Radio Voz; Carballo ; CUÑA BASICA ; 30 SEG;
F/2023/4553	2023 085	29/09/2023	1.210,00	CO	34891692 W	CERQUEIRO GARCIA UBALDO	Campaña publicitaria de divulgación das actividades municipais en www.quepasanacosta.gal durante o segundo semestre de 2
F/2023/4560	B 133588	04/10/2023	25,30	CO	B70143854	LIBRERIA BRAÑAS VERDES ATC S.L.	EDDING 500 AZUL / EDDING 500 ROJO / EDDING 500 NEGRO / BOLIGRAFO MILAN AZUL / EDDING 500 AZUL / P.CIVIL
F/2023/4571	3040147 29	30/09/2023	29,66	CO	B15696438	BARREIRO E HIJOS SUM., S.L.	ALBARAN R-322612121 FECHA 29/09/2023 REF: REF. AUX: / VALVULA ESFERA 11/2" CUADRADILLO BRONCE 28X28
F/2023/4587	B 133708	07/10/2023	989,25	CO	B70143854	LIBRERIA BRAÑAS VERDES ATC S.L.	100 ANOS DE FUTBOL EN ARTEIXO E LARACHA / MESTRES MORTOS DAQUEL VERAN, OS / DE CORAZÓN GALAICO / A TRENZA / A FOLLA AZUL
F/2023/4590	F23 2751	05/10/2023	104,54	CO	B15258577	VILECO MIX S.L.	MTS POLIETILENO ALIM 20X10 BD/OBRA CAMPEONATO DE SURF PRAIAS
F/2023/4592	B 133710	07/10/2023	19,00	CO	B70143854	LIBRERIA BRAÑAS VERDES ATC S.L.	OBRA EN PROSA VOL. 1 RAMON MARCOTE BIBLIOTECA MUNICIPAL
F/2023/4595	2023 037	04/10/2023	484,00	CO	G70046362	ESCOLAS BALONMAN XIRIA	Xornada andaina Carballo-Razo dentro do programa "Eu quero Razo Baldaio" o 29/07/2023 / Material de apoio: mochilas

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

F/2023/4596	ALQ2308 7418 ALQ2308 7418	30/09/2023	1.246,30	CO	A09373861	ALQUIBER QUALITY, S.A.	BACA / 7400LYR TOYOTA LAND CRUISER LARGO-BRIGADA FORESTAL
F/2023/4605	FE23- 29	09/10/2023	617,10	CO	47352063P	ALVARO QUEIJO PENA	Traballos de URXENCIA por danos de humidade en Pazo da cultura Retirada de taboleiros danados pola humidade e colocacion
F/2023/4611	F 230416	27/03/2023	211,29	CO	B70139985	DONCLIC SOLUCIONES TECNOLOGIC AS S.L.	MEMORIA SANDISK MICROSD 128GB Albarán #A230057 / Destructor de documentos fellows 60cs capacidade de corte 10 h segurid
F/2023/4620	23-032	10/10/2023	2.541,00	CO	76365508B	AÑÓN POSE JOSÉ FERNANDO	Memoria Valorada Ampliación Pabellón Vila de Noia
F/2023/4622	F 011	10/10/2023	360,00	CO	79339003C	MARÍA BARCA PENSADO	Polo obradoiro infantil de barro impartido para a Escola do Alprende o día 30 de setembro de 2023
F/2023/4624	A 2308116	29/09/2023	36,30	CO	B70047725	PRODUCTOS QUIMICOS BERGANTIÑO S S.L.	ALCOHOL ISOPROPILICO C.P KG/LT- BIBLIOTECA REGO DA Balsa
F/2023/4630	PB23 591	30/09/2023	108,90	CO	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL S.L.	C. CARBALLO-FERIA OPORTUNIDADES 2023 07/09/2023
F/2023/4637	A 342	30/09/2023	1.125,30	CO	B70519988	SERILUA MERCHANDA DISING SL	ABANICO NEGRO VARILLAS MADERA / MARCAJE 1 TINTA
F/2023/4638	A 343	30/09/2023	1.000,00	CO	B70519988	SERILUA MERCHANDA DISING SL	400 MOCHILAS BLADES. MOCHILA POLIESTER / MARCAJE 2 TINTAS (2, 06 EUROS/UD)
F/2023/4641	1/4788	09/10/2023	110,00	CO	A15064595	BAÑOS VIEJOS CARBALLO S.A.	2 HOSPEDAXES O 07/10/2023 - FAM TRIP XORNALISTAS CULTURAIS
F/2023/4648	A23- 390	26/09/2023	695,76	CO	B70044003	CRISTALERIA CARBALLESA , S.L.	ESPEJO 5MM 151X61+ESPEJO 5MM 76X61 / +ESPEJO 5MM 51CANTO PUIDO Y BISELADO Y COLOCADO EN BAÑOS CASSETAS DE SAINAS
F/2023/4652	A23- 357	31/08/2023	5,81	CO	B70044003	CRISTALERIA CARBALLESA , S.L.	LUNA 4MM 50 X 25 COLOCACION EN PUERTA CASETA SOCORRISTAS PRAIAS
F/2023/4675	39/00D- 0003491	14/10/2023	73,15	CO	B36007409	MERCASH SAR S.L.	AGUA SOUSAS 35/33 CL - PAZO DA CULTURA
F/2023/4676	39/00D- 0003490	14/10/2023	80,47	CO	B36007409	MERCASH SAR S.L.	AGUA SOUSAS 35/33 CL - PAZO DA CULTURA
F/2023/4684	10 00110--- 2300018 5	30/09/2023	417,38	CO	B15011950	RADIO CORUÑA S.L.	CUÑAS RADIO CORUÑA SER NORDÉS: SEMANA DA MOBILIDADE 2023 (ALCALDÍA)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

F/2023/4685	11 00111--- 2300014 8	30/09/2023	108,90	CO	B15011950	RADIO CORUÑA S.L.	CUÑAS RADIO CORUÑA LOS 40 NORDÉS: SEMANA MOBILIDADE 2023 (ALCALDÍA)
F/2023/4688	2023- ACT- 049109 2023- ACT- 049109	18/09/2023	250,00	CO	B65758427	ACTURA 12 S.L.	actuacion Rocio Perez Pazo de Cultur 17/09
F/2023/4689	2023- ACT- 026966 2023- ACT- 026966	19/06/2023	220,00	CO	B65758427	ACTURA 12 S.L.	Actuación Rocío Pérez Pazo de Cultura 18/06
F/2023/4690	2023- ACT- 049866 2023- ACT- 049866	21/09/2023	250,00	CO	B65758427	ACTURA 12 S.L.	Actuación Rocío Pérez Pazo de Cultura 24/09
F/2023/4691	A23- 286	18/07/2023	181,50	CO	B70044003	CRISTALERIA CARBALLESA , S.L.	4/18/4 DE 52,5 X 85 COLOCADO EN HUECO VIEJO / LUNA DE 4MM DE 52,5 X 85 COLOCADA EN EL SITIO DEL CLIMALITCRA PONTE DA PED
F/2023/4693	A23- 356	31/08/2023	217,80	CO	B70044003	CRISTALERIA CARBALLESA , S.L.	4/12/4 DE 126 X 51 COLOCADO EN REPOSICION / 4/10/CARGLAS DE 44 X 77 COLOCACO EN REPOSICION CEIP BERGANTIÑOS
F/2023/4696	L23 2687	30/09/2023	22,83	CO	B05458120	PLANETA KROMO SL	CINTA DOS CARAS REF. GDA 730/ KB-BI2-25 50 MM X 25 MT PAZO DA CULTURA FIOT
F/2023/4698	79/23	13/10/2023	29,30	CO	47379161N	QUEIJO ABELLAN JOSE MANUEL	SERVIZO TAXI VARIOS DOMICILIOS - SOFÍA VILA (SERV. SOCIAIS)
F/2023/4706	23/0012 8	04/07/2023	509,28	CO	79319028D	POMBO VECINO SANTIAGO	TRABALLOS REALIZADOS NO VEHÍCULO MUNICIPAL MATRÍCULA 0560-CWY TOYOTA LAND CRUISER(LUIS LAMAS)
F/2023/4713	B 38396	13/10/2023	14,43	CO	B70218409	BREOGAS S.L.	UD125-SUMINISTRO DE BOMBONA DE BUTANO EN OUTUBRO PARA LEONOR VILANOVA TORRES
F/2023/4719	23/0013 5	12/07/2023	524,02	CO	79319028D	POMBO VECINO SANTIAGO	FARO MANDO LUCES LAMPARAS PILOTOS Y MANO DE OBRA C-7585- BC NISSAN PATROL BRIGADA DE OBRAS
F/2023/4720	23/0014 1	20/07/2023	69,58	CO	79319028D	POMBO VECINO SANTIAGO	BASE REMOLQUE 7 POLOS Y MANO DE OBRA NISSAN PATROL C-7585- BC BRIGADA DE OBRAS

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

F/2023/4721	23/0015 1	01/08/2023	165,77	CO	79319028D	POMBO VECINO SANTIAGO	RADIO CD VERDE PIONEER Y MANO DE OBRA EN PEUGEOT PARTNER 5462 HGL BRIGADA DE OBRAS
F/2023/4737	P 78	16/10/2023	181,50	CO	32822103E	ANTELO CAMEAN YOLANDA	Reparto material campaña "Máis de Carballo que o pan" RC 220230012529
F/2023/4739	1 68	15/10/2023	302,50	CO	32776560L	GESTO NEGREIRA JOSE MARIA	ACTUACIÓN MUSICAL CHEMA ÉLITE-BAILE MAIORES O DIA15/10/2023 NO PAZO DA CULTURA DE CARBALLO
F/2023/4740	L23 2795	15/10/2023	20,39	CO	B05458120	PLANETA KROMO SL	BASE HABANA ACRILICA RESISTENTE AL MOHO PJ (PASTEL) DE 4 LT PAZO DA CULTURA
F/2023/4742	RG 12	03/10/2023	150,00	CO	32822371Z	BLANCO VAZQUEZ GUADALUPE	ACTURACION PARA A DINAMIZACIÓN DO CENTRO SOCIAL DE BERTOIA
F/2023/4743	Rect-243 2023	19/10/2023	324,28	CO	B15531254	OPTICA NICOLAS S.L.	Rect. 243 2023 / PRISMATICOS WATERPROFF (PRISMATICOS ENGOMADOS WATERPROFF)
F/2023/4744	23 042	11/10/2023	3.350,49	CO	42222638C	PORCEL HERRERA SANDRA	Diseño y material promocional para la Campaña "Máis de Carballo que o pan" (RC: 220230012529) / Cartel del concurso / Ma
F/2023/4745	23 1154	20/10/2023	448,44	CO	79312331 M	URES VARELA JESUS MANUEL	**BRIGADA INCENDIOS** / ACEITE SYNTHETIC 5L / CANON G/RESIDUOS RD208/2005 / BUJIA B8HS / **BRIGADA INCENDIOS** / DISCO 2
F/2023/4746	23 1153	20/10/2023	237,26	CO	79312331 M	URES VARELA JESUS MANUEL	***BRIGADA OBRAS - RISGA**** / PACK 7 JET-FIT 2 HILOS / CONO METALICO JET FIT / ***BRIGADA OBRAS - RISGA**** / LIMPIEZA
F/2023/4758	Emit- 20	20/10/2023	23,99	CO	B15934458	LINEA INFO- ECO S.L.	CONSUMIBLES INFORMATICOS- funda negra para movil y protector de pantalla PAZO CULTURA
F/2023/4763	2023 19	02/10/2023	600,00	CO	B70460340	FLANCONORT E S.L.	CURSO DE FORMACIÓN BÁSICA EN PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS
F/2023/4764	23 00212	31/07/2023	82,53	CO	32810653A	SUAREZ ABELENDA Mª DEL CARMEN	SERVILLETAS / MANTELES MEDIANOS / MANTELES GRANDES / MANTELES REDONDOS GRANDES / MANTELES REDONDOS MEDIANOS / PAÑOS
F/2023/4765	23 00246	31/08/2023	39,83	CO	32810653A	SUAREZ ABELENDA Mª DEL CARMEN	SERVILLETAS / MANTELES GRANDES / MANTELES REDONDOS GRANDES / MANTELES REDONDOS MEDIANOS
F/2023/4768	23 459	21/10/2023	404,14	CO	79324789C	POSE CHOUCIÑO OLGA	Concepto: Impresión postais da campaña ¿Máis de Carballo que o pan? POSTAIS TAMAÑO 10X15 CMS. , IMPRESAS COLOR 1 CARA; N

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
 Praza do Concello S/N
 Teléfono 981 70 41 00
 www.carballo.gal
 infocarballo@carballo.gal
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

F/2023/4770	JM23 1147	15/10/2023	14,22	CO	B15588130	JOSE MANUEL PEDROUZO S.L.	SACO ARENA FINA ALBARAN JMA23/2523 DESTINO TALLER BRIGADA OBRAS
F/2023/4775	A. 910	18/10/2023	1.075,09	CO	B70316005	MELMAN CARBALLO, S.L.	ALBARAN A-1111 FECHA 18/07/23 BOLLE GAFA SPIDER ESPEJADA / FCLIGHT FLOTANTE (FLOTADORES) SOCORRISTAS
F/2023/4776	A 911	23/10/2023	490,85	CO	B70316005	MELMAN CARBALLO, S.L.	VESTIARIO - PROTECCIÓN CIVIL
F/2023/4780	23 463	23/10/2023	93,17	CO	79324789C	POSE CHOUCIÑO OLGA	Carteis "Xornadas micolóxicas" 100 carteis en A3+, impresos color, cortados a sangue, papel 150 grs. estucado, deseño e
F/2023/4782	FE23 31	23/10/2023	1.142,24	CO	47352063P	ALVARO QUEIJO PENA	PARQUE INFANTIL VIVENTE. Cambiar pilares, tomados no chan, que estaban danados. Cambiar puntóns e táboas danadas. Todo e
F/2023/4786	CRB 230061	24/10/2023	534,30	CO	B15643240	SERVIGAL S.L.	SERVICIOS VETERINARIOS: ESTERILIZACIÓN DE PERRO ADOPTADO RECOGIDA EL 06/06/2023 A LAS 10:55 HORAS EN C/ VÁZQUEZ DE PARGA
F/2023/4798	FE23 32	23/10/2023	157,30	CO	47352063P	ALVARO QUEIJO PENA	SUBMINISTRO DE MATERIAL. Barrotes de 90 cm de alto para o escenario do palco da música
F/2023/4801	A11- 23	10/10/2023	250,00	CO	G15173263	ASOCIACION INTEGRO PARA A DIVERSIDAD E FUNCIONAL DAS COMARCAS	Xabons 100% glicerina vexetal personalizados-para regalar a bebés cando os empadroan no Concello de Carballo
F/2023/4825	A23 1654	27/10/2023	61,53	CO	J70441746	CARLIN CARBALLO S.C.	FELLOWES COJIN LUMBAR-pedido por Carlos Taibo de servicios sociais
F/2023/4841	Factura 233 99	27/10/2023	5.147,03	CO	B70120472	BERCOM IMPRESION DIXITAL S.L.	Vinilo mate impreso a color tamaño 322x200 cm Exposición O Xestal, unha vida de conto no Pazo de Cultura RC 220230012581
F/2023/4848	4051266 004	25/10/2023	67,30	CO	A08472276	WURTH ESPAÑA S.A.	PAPEL-SECAMANOS-MECHA- BLANCO-450SERV / BRIDA PLASTICO NEGRA 3,6X292
F/2023/4850	23 472	26/10/2023	56,87	CO	79324789C	POSE CHOUCIÑO OLGA	Concepto: #PLIC 3 memorias #plic, tamaño A4, impresas cor 2 caras papel estucado 150 grs. 20 páxinas, grampadas

F/2023/4851	23 471	26/10/2023	152,46	CO	79324789C	POSE CHOUCIÑO OLGA	UNIVERSIDADE SENIOR 150 carpetas con solapa pegada (solapa en branco, sin imprimir) impresas a cor cara exterior, tamaño
			35.923,89				

Segundo.- Autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes a cada gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e ordenar o seu pago.

5.- LICENCIAS DE OBRAS

5.1.-CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR O PARAÍSO, BERDILLO. EXPTE: 2023/U022/000066.

Construcción de vivenda unifamiliar no Lugar O Paraíso, Berdillo.

EXPEDIENTE: 2023/U022/000066
SOLICITANTE: Daniel Varela Pombo e Martina Añon Paredes
ASUNTO: Construcción de vivenda unifamiliar
SITUACIÓN: Lugar Paraíso, parroquia Verdillo
REX. ENTRADA: 202399900003952 de data 18/08/2023
REF. CATASTRAL: 15019A088002220000II
REDACTOR PROX: Noelia Ferreiro Bello (arquitecta)
DIRECTOR OBRA: Noelia Ferreiro Bello
DIRECTOR EXECUCIÓN: Andrés Breijo Cotelo (arquitecto técnico)
COORDINADOR S.S: Francisco Jesús Cobas Fernández
PEM: 178.985,04 € s/ ordenanza fiscal núm. 4 (171.525,00 € s/ proxecto técnico presentado)

I.- Antecedentes.

1.- Solicitud de licenza para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar O Paraíso, parroquia de Berdillo, presentada con data 18/08/2023 (registro de entrada 202399900003952), acompañada de:

- .- Proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Noelia Ferreiro Bello visado polo COAG (2304340,2 – 17/08/2023)
- .- Compromiso, asinado polo promotor de cesión de terreos situados fora da aliñación para a regularización do viario
- .- Compromiso, asinado polo promotor de conexión coas redes e servizos existentes no núcleo
- .- Folla de estatística de edificación e vivenda
- .- Nomeamento de director de obra e de execución material
- .- Nomeamento de coordinador de seguridade e saúde
- .- Estudio xeotécnico
- .- Documentación acreditativa de titularidade da parcela, a favor de don Daniel Varela Pombo e dona Martina Añon Paredes

2.- Solicitud para completar documentación presentada con data 11/10/2023 (registro de entrada 202399900003952) acompañada de anexo ao proxecto técnico formado por plano da sección de implantación da vivenda na parcela.

II.- Fundamentos de dereito.

II.1.- Obxecto.

A solicitude de licenza refírese á construción dunha vivenda unifamiliar de planta baixa nunha parcela situada no Lg. O Paraíso, na parroquia de Berdillo, de Carballo.

A vivenda conta cun estar, cociña-comedor, tres dormitorios, un cuarto de estudio, dous baños, un cuarto de lavandería, trasteiro, cuarto de instalacións e garaxe. Ten ademais unha zona cuberta exterior na parte posterior e un porche cuberto na fachada de acceso.

- Superficie construída da vivenda:
- interior: 271,80 m² (vivenda e garaxe)
- exterior: 58,60 m² (porches)
- SUPERFICIE CONSTRUÍDA TOTAL 328,60 m²
- Altura da edificación 4,09 metros ata o beirado.

Ademais da vivenda proxéctase a construción dunha piscina descuberta de 5 x 10 m e o cerramento de parcela, cunha parte maciza de altura 1 metro e unha parte con elementos calados ata acadar a altura de 2 metros no fronte da parcela.

A parcela onde se sitúan as edificacións é a resultante da agrupación de tres parcelas segundo o documento de propiedade achegado (escritura de agrupación ante o notario Carlos Andrés Mosquera Delgado do 28/06/2023). É de forma irregular e linda con vías de titularidade pública polo vento este e polo vento norte, e ten unha superficie total de 5.192,00 m² e unha superficie neta en solo de núcleo rural de 2.015,00 m².

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016 por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O acordo está publicado no DOG do 26/02/2016 e a normativa no BOP da mesma data.

A parcela onde se proxecta a construción está situada en parte en solo rústico e en parte en solo clasificado como solo de núcleo rural.

A vivenda proxectase na parte da parcela clasificada como solo de núcleo rural, ordenanza 2, vivenda familiar en núcleo rural común en grao 2, que ten unha superficie neta segundo consta no proxecto de 2.015,00 m²

O PXOM vixente é un planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a Disposición Transitoria primeira desta Lei establece que: *ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

As principais condicións urbanísticas de aplicación son as seguintes:

- Tipoloxía edificatoria: vivenda familiar illada.
- Uso principal: residencial en vivenda familiar.

- Parcela mínima edificable: 1.000 m², admítese edificación sobre parcela existente de menor superficie.
- Fronte mínimo de parcela a vía pública: 15 metros, admítense frontes menores
- Rasantes de parcela: as existentes
- Ocupación máxima de parcela: 40% sobre parcela neta (**806,00 m²**)
- Edificabilidade: 0,40 m²/m² (**806,00 m²**)
- Aliñacións: as indicadas nos planos.
- Recuamentos a lindeiros: 3,00 metros. Permítese o acaroamento lateral nos casos recollidos na normativa.
- Número máximo de plantas: B+1 – 7 metros ao beirado.

A arquitecta municipal informou favorablemente o proxecto presentado con data 13/10/2023, indicando que a vivenda proxectada cumpre con as condicións urbanísticas, non superando nin a ocupación nin a edificabilidade máxima; ten unha altura inferior a 7 metros e respecta a distancia mínima de 3 metros de recuado ás parcelas colindantes.

A arquitecta indica tamén no seu informe que no proxecto se xustifica o cumprimento da normativa aplicable en materia de seguridade, salubridade e habitabilidade.

Respecto da urbanización do fronte da parcela, segundo se establece no artigo 36 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o promotor ten a obriga de executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo e dispoñer de acceso rodado de uso público.

Deberá pavimetar o fronte da parcela con características similares ás do vial xa existente e executar a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo ou nas proximidades. Para estes efectos o solo de núcleo rural terá a mesma condición urbanística que o solo urbano.

A parcela ten unha parte situada fora das aliñacións establecida no PXOM que constitúen terreos de cesión para a regularización do viario. A superficie da parcela situada fora da aliñación é de 181,00 m² e a superficie neta da parcela situada en solo de núcleo rural é de 2.015,00 m². O promotor presentou escritura de agrupación das parcelas e o compromiso, asinado polo propietario, de cesión de terreos situados fora da aliñación.

II.3.- Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao disposto no artigo 142.2 da Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal, e o artigo 143.1 establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023 de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 30/10/2023, no expte. 2023/U022/000066, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- ACEPTAR A CESIÓN DO TERREO situado fóra das aliñacións establecidas no PXOM que se corresponde cunha superficie de 181,00 m² quedando unha superficie neta de parcela de 2.015,00 m² en solo de núcleo rural, en cumprimento do deber de cesión obrigatoria e gratuíta que establece o artigo 20 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para destinar a viario público. Coa licenza entenderase autorizada a segregación do terreo obxecto de cesión, que deberá formalizarse en escritura pública e presentar unha copia da mesma no Concello de Carballo, no prazo de 6 meses.

Segundo.- CONCEDER A LICENZA DE OBRAS para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar O Paraíso, na parroquia de Berdillo, de Carballo, segundo o proxecto presentado e o resto de documentación achegada, e coas seguintes condicións:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN.

- Inicio das obras: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.
- Finalización das obras: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2.- CONEXION COAS REDES EXISTENTES.

O promotor deberá executar á súa costa a conexión coas redes e servizos existentes no núcleo ou nas súas proximidades. As obras de acometida, urbanización e edificación poderán executarse de forma simultánea. Deberase rasantear e pavimentar o fronte da parcela con características similares ao vial existente.

3.- MOVEMENTO DE TERRAS E RECHEOS

En aplicación do artigo 327 do PXOM, en solo de núcleo rural prohibese a modificación da topografía natural do terreo, en especial a pendente natural do mesmo de forma que o movemento de terras sexa o mínimo necesario para a correcta execución do volume edificado. Neste senso prohibense os movementos de terras e recheos na parcela non contemplados no proxecto técnico presentado.

4.- CERRAMENTOS DE PARCELA

Os cerramentos de parcela deberán axustarse ás condicións que se establecen no PXOM para estas construcións en solo de núcleo rural. No fronte da parcela únicamente se permite unha parte maciza de 1 metro de altura e sobre esta elementos calados en mais de un 50%. Os cerramentos con outras parcelas lindeiras poderán ter unha altura de 2,00 m macizos.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Unha vez rematada a edificación, deberase presentar a comunicación previa de primeira ocupación da vivenda acompañada do certificado final de obra e o resto de documentación segundo se establece no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

5.2.- CONSTRUCCIÓN DE ESTABLO E FOSA DE PURÍN PARA EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE NO LG. CALVELO, SOFÁN. EXPTE 2023/U022/000013.

EXPEDIENTE: 2023/U022/000013.
SOLICITANTE: MARÍA DEL PILAR RAMA CAMPOS Y OTRO, S.C.
REX. ENTRADA: 202399900001023 (data 27/02/2023)
ASUNTO: Construción de establo e fosa de purín para explotación de vacún de leite.
SITUACIÓN: Lg. Calvelo, Sofán
REF. CATASTRAL: 15019A180000550000JR, 15019A180000540000JK
TÉCNICO: Mercedes Suárez Vázquez (Enxeñeira técnica agrícola)
PEM: 147.297,97 € (según proxecto), 101.088,00 € (según ordenanza fiscal)

I.- Antecedentes

1.- Solicitud de licenza de obra para a construción de establo e fosa de purín no Lg. Calvelo, na parroquia de Sofán, de Carballo presentada con data 27/02/2023 co número de rexistro de entrada 202399900001023, acompañada de:

- Proxecto técnico denominado *"PROYECTO AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓN GANADERA LIBRE DE LECHE Y LEGALIZACIÓN DE FOSAS DE PURÍN EN CALVELO-SOFÁN"*, asinado pola enxeñeira técnica agrícola Mercedes Suárez Vázquez e visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas da Coruña e Pontevedra o 15/02/2023.

2.- Requirimento de documentación (rex. saída 20230000001537 – 06/03/2023)

3.- Comunicación da resolución adoptada pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con data 11/07/2023, pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da actividade de explotación de vacún de leite (Rexistro de entrada no concello 20239000004585 – 19/07/2023).

4.- Solicitud para completar documentación (Rex. Entr. 20239990004026 – 23/08/2023) coa que achega o seguinte:

- Oficio de dirección de obra e coordinador de seguridade e saúde, visado o 26/07/2023
- Comunicación previa de actividade
- Documentación complementaria ao proxecto, visado o 16/08/2023
- Xustificante da solicitude de informe dirixido á Consellería do Medio Rural o 09/08/2023
- Resolución pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da actividade
- Memoria de legalización de fosas e cambio de uso de dous almacéns, visado o 23/08/2023

5.- Comunicación do informe emitido pola Consellería do Medio Rural aos efectos do disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (Rex. Entrada 20239000005150 – 24/08/2023).

6.- Solicitud para completar documentación (rex. entrada 20239990004780 – 03/10/2023) coa que achega anexo ao proxecto (anexo II urbanismo).

II.- Fundamentos de dereito.

1.- Obxecto.

María del Pilar Rama Campos y Otro, S.C. solicitou licenza de obra para a construción dun establo de 648 m² e fosa de purín cunha superficie de 450 m² (1350 m³), nunha parcela coas referencias catastrais 15019A180000550000JR e 15019A180000540000JK, situada no lugar de Calvelo de Arriba, parroquia de Sofán, de Carballo.

Xunto coa solicitude achega proxecto técnico asinado pola enxeñeira técnica agrícola Mercedes Suárez Vázquez, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas da Coruña e Pontevedra o 15/02/2023, e no cal se describen as obras. Inclúe o título de propiedade da parcela cunha superficie de 6.853 m².

A sociedade interesada conta con explotación gandeira de vacún de leite no lugar de Calvelo de Arriba, na parcela con referencia catastral 1194001NH3719S0001TZ, sobre a cal consta licenza de primeira ocupación concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 15/12/2014 (Expte: 30/2014).

II.2.- Clasificación e réxime urbanístico.

Segundo o establecido no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Carballo (PXOM), aprobado pola Orde da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 04/02/2016 (BOP 26/02/2016 e DOG da mesma data).

Segundo esta normativa municipal, a parcela con referencias catastrais 15019A180000550000JR e 15019A180000540000JK, onde se proxectan as obras obxecto de licenza, están en terreos clasificados como **solo rústico de especial protección agropecuaria**.

De acordo co determinado na Disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG):

"O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

d) ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo."

Neste caso o uso descrito na documentación técnica achegada encadrase no punto h) do artigo 35 – Usos e actividades en solo rústico:

"h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais e instalacións apícolas."

Polo que, en aplicación do artigo 36 da LSG, trátase dun uso admisible en calquera categoría de solo rústico, sempre que conte coa autorización ou informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Consta no expediente informe emitido pola Xefa Territorial da Consellaría do Medio Rural da Coruña con data 24/08/2023.

Proxéctase a construción dun establo de 648 m² e fosa de purín cunha superficie de 450 m² (en parte baixo o establo proxectado), sendo a superficie construída en planta de 873 m².

No proxecto xustifica as condicións xerais da edificación no solo rústico establecidas no artigo 39 da Lei 2/2016:

PARÁMETRO	Lei 2/2016	PROXECTO
Superficie mínima parcela	2000 m ²	26.213 m ²
Retranqueo mín. a lindeiros	5,00 m	> 5,00 m
Retranqueo mín. a vial	4,00 m	> 4,00 m
Altura máxima	7,00 m	4,40 m
Ocupación	60%	< 60 % (12,74%)

No que respecta ao cumprimento das distancias establecidas no artigo 39.g) da Lei do solo de Galicia, a entidade interesada presentou con data 03/10/2023 un anexo ao proxecto no que fai constar que se trata dunha explotación con base territorial e que se cumpre coa distancia de 100 m a asentamentos de poboación e a vivendas. Achega tamén solicitude de axuda dirixida ao Fondo Galego de Garantía Agraria, na cal se fan constar os dereitos de superficie vinculados á explotación gandeira.

A enxeñeira municipal informou de xeito favorable o proxecto presentado con data 05/10/2023, indicando que tendo en conta a definición de explotación gandeira incluída na Lei 2/2016, pode considerarse unha explotación gandeira existente, entendida como unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como doutros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros.

Respecto da incidencia ambiental, e de acordo co establecido na Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formulou a Declaración de incidencia ambiental favorable á realización da actividade de explotación de vacún de leite con data 11/07/2023, concluíndo que non é previsible que vaia producir impactos adversos significativos, sempre que se cumpran as condicións ambientais especificadas na documentación achegada polo promotor, as indicadas polos organismos consultados e as establecidas na declaración de incidencia ambiental.

En relación coa normativa sectorial, no informe técnico indicase que no proxecto presentado xustifícase a normativa do Código Técnico da Edificación no que se refire á seguridade en caso de incendio (SI), salubridade (HS) e aforro enerxético (HE). Tamén se inclúe o Estudio Básico de Seguridade e Saúde.

II.4.-Acto sometido a licenza e órgano competente.

A concesión da licenza regúlase pola aplicación dos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e preceptos concordantes. O artigo 142.1 da citada lei dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Conforme ao art. 142.2 da citada Lei 2/2016, trátase dun acto sometido a previa licenza municipal. O artigo 143.1, do mesma lei, establece que as licenza outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, engadindo, a continuación, que en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades e dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 143, debendo resolverse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

registro do concello. Neste mesmo apartado, ordenase que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A competencia para o outorgamento de licenzas está atribuída ao alcalde polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 de Bases do réxime local, e artigo 61.1.o) da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia. Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 1646/2023 de data 22/06/2023, sobre delegación de competencias, sen prexuízo da facultade de avocación prevista no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, considerando que a obra proxectada é conforme coa legalidade urbanística, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 30/10/2023, no expte. 2023/U022/000013, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCEDER A LICENZA para as obras de construción de establo e fosa de purín para explotación gandeira de vacún de leite no lugar de Calvelo, parroquia de Sofán, de Carballo, na parcela con referencias catastrais 15019A180000550000JR e 15019A180000540000JK, conforme ao proxecto presentado e ademais coas seguintes condicións:

CONDICIÓN PARTICULARES

1.- PRAZOS DE EXECUCIÓN:

INICIO DAS OBRAS: As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

FINALIZACIÓN DAS OBRAS: O prazo límite para executar as obras fíxase en tres anos a contar a partir da recepción da notificación da concesión da licenza de obras.

2.- CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN, en virtude do artigo 39 da Lei 2/2016, do solo de Galicia:

As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

3.- AUTORIZACIÓN SECTORIAIS, deberanse respectar as condicións establecidas nos informes sectoriais emitidos.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN: Unha vez rematada a edificación, deberase presentar a comunicación previa de primeira ocupación acompañada do certificado final de obra e o resto de documentación segundo se establece no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

5.- INICIO DA ACTIVIDADE: Unha vez rematadas as obras, de forma simultánea ou posterior á comunicación de primeira ocupación, presentará comunicación previa para o inicio da actividade segundo o previsto no artigo 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

6.-SUBVENCIONS

6.1.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O SNL ASUNTO: SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE CARBALLO DURANTE O ANO 2024

Asunto: solicitude da subvención á Deputación da Coruña para mantemento do Servizo de Normalización Lingüística de Carballo durante o ano 2024

Número de expediente: 2023/A008/000050

Número de expediente da XGL: 2023/G006/000594

ANTECEDENTES

A Deputación da Coruña publicou a Convocatoria de subvencións provinciais dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2024 (BOP núm 195 do 11.10.2023).

CONSIDERACIÓNS

1. O Concello de Carballo conta na súa RPT cun posto de traballo de técnico de normalización lingüística. As funcións dese posto de traballo (00.05.00.02 Técnico de normalización lingüística, grupo A1) son: "Asesorar o Concello en todo o relacionado coa política lingüística. Asumir a responsabilidade sobre a mellora da calidade lingüística e comunicativa. Planificar e xestionar a formación lingüística do persoal. Facer un seguimento do cumprimento da lexislación lingüística. Planificar e propoñer programas e acción concretas no ámbito lingüístico. Calquera outra, correspondente á súa subescala, a propia do departamento no que se integra". Este posto da RPT esixe para o seu desempeño a licenciatura en Filoxía Galega e está ocupado desde o 15.07.2022 pola funcionaria de carreira María Carmen Pereiro Felípez.
2. Ademais, a Corporación tamén aprobou unha Ordenanza para o impulso social da lingua galega no concello de Carballo (BOP do 27 de novembro de 2013) na que se establece, no artigo 22, que o Concello "contará cun Servizo de Normalización Lingüística (SNL) estable dotado con medios materiais e humanos suficientes co obxecto de impulsar a normalización do idioma galego a todos os niveis e ámbitos sociais, e de coordinar as acción necesarias para darlle cumprimento a esta ordenanza". As funcións dese SNL quedan fixadas no punto 3 dese mesmo artigo:

Xerais:

- Asesorar a Administración municipal en todo o relacionado coa política lingüística.
- Facer seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución.
- Informar sobre a conveniencia, oportunidade, método, etc., de incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas ou accións do Concello de índole diversa, e colaborar na súa especificación, deseño e materialización.
- Emitir informes sobre a oportunidade, conveniencias, etc., de accións do Concello con respecto ao fomento do uso e prestixio da lingua galega.
- Colaborar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.

Dinamización sociolingüística:

- Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade.

- Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega seguindo as directrices de política lingüística do organismo.
- Propoñer programas dinamizadores e accións concretas que conciencien a sociedade respecto ao uso e prestixio da lingua galega, e a impliquen no proceso normalizador.
- Propiciar e xestionar liñas de información, colaboración, coordinación e axuda dirixidas á rede asociativa, empresarial, educativa, xuvenil, etc., para fomentar o uso e prestixio do galego.
- Promover e coordinar grupos de persoas interesadas no proceso de normalización lingüística para que funcionen como axentes normalizadores na sociedade.

Formación sociolingüística:

- Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, tanto para o persoal da Administración como para diferentes sectores sociais.
- Difundir materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.
- Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas.

Asesoramento lingüístico:

- Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da Administración.
- Normalizar a imaxe lingüística, fixar criterios lingüísticos para a organización e establecer modelos de documentos.
- Revisar e validar lingüisticamente aqueles textos que vaian ter maior difusión, impacto ou permanencia (carteis, folletos, rotulación, anuncios, impresos, publicacións, etc.), para garantir a calidade lingüística e o uso dunha linguaxe moderna, democrática e inclusiva.
- Resolver dúbidas lingüísticas."

Deste xeito, as funcións fixadas tanto na RPT como na Ordenanza para o impulso social da lingua galega no concello de Carballo, que ten que desenvolver a técnica, cumpren cos requisitos esixidos na base 6.2 da convocatoria da Deputación da Coruña.

- 2.** O Concello de Carballo pertence á Administración local da provincia da Coruña e ten máis de 5000 habitantes tal como require a base 5.

Con esta convocatoria a Deputación colabora co mantemento do SNL achegándolle ao Concello até 20.000,00 euros (ata o 80% do orzamento de gastos subvencionable) para colaborar no financiamento dos custos de persoal do SNL.

Á vista do anterior, e vista a proposta da Concelleira delegada de Bibliotecas, Arquivos e Normalización Lingüística de 31/10/2023, no expte. 2023/A008/000050, e da técnica de Normalización Lingüística da mesma data, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 de 20/06/2023 (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro. Solicitalle á Deputación da Coruña a subvención para colaborar co importe máximo de 20.000 € no mantemento do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo de acordo coa Convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2024), dirixida a concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos SNL (BOP do 11/10/2023).

Segundo. Comprometerse á execución e difusión dos programas normalizadores propostos desde a Deputación e á participación da técnica de normalización lingüística nas xuntanzas e encontros de traballo e coordinación que a Deputación convoque, tal e como se indica na base 6.4 da convocatoria.

6.2.-PETICIÓN DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA FINANCIAR GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE DEPORTE DO CONCELLO DE CARBALLO DURANTE O ANO 2024.

No BOP núm. 194, do 10 de outubro de 2023, foron publicadas as Bases reguladoras, en réxime de concorrència non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2024.

O Concello de Carballo ten entre as súas competencias a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (Artigo 25.2.I da Lei 7/1985, do 2 de abril) e Fomentar, promover e difundir o deporte (Artigo 8 da Lei 3/2021, de 2 de abril, do Deporte de Galicia).

Á vista do anterior, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Deportes e Participación Cidadá de 26/10/2023, no expte. 2023/A008/000049, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña subvención para a convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2024 (Referencia FO106/2024) na modalidade de Mantemento de persoal técnico municipal con titulación universitaria; segundo o seguinte detalle:

“Mantemento do persoal técnico municipal con titulación universitaria na área de deportes durante o ano 2024 para a xestión, planificación, dirección e supervisión dos Programas Deportivos do Concello de Carballo”

Orzamento estimativo de gastos	Importe da Subvención Solicitada
Soldos e Salarios: 49.000,18 €	15.000,00 €
SS Empresa: 15.113,34 €	
Total : 64.113,52 €	

7.-APROBACIÓN BASES CONCURSO DE POSTAL E CARTEL DE NADAL 2023

O Concello de Carballo realiza, desde hai varios anos, o Concurso de postal e cartel de Nadal, co obxecto de seleccionar a tarxeta de felicitación de nadal e o cartel anunciador das festas de Nadal 2023. Preténdese con esta actividade que os nenos e nenas dos distintos colexios e asociacións de Carballo participen e sexan unha parte fundamental das festas de nadal así como involucrar aos colexios e as súas anpas e ás asociacións culturais nunha actividade artística.

Os nenos e nenas gañadores do concurso recibirán premios por un importe total de 575€ consistentes en xoguetes e material didáctico e o colexio ou entidade do traballo gañador do 1º PREMIO recibirá un vale por un importe de 150 € para mercar material didáctico. Ademais, os colexios ou entidades que colaboran coa organización presentando os traballos dun mínimo do 30% do seu alumnado, recibirán un vale para mercar material didáctico e educativo por un importe aproximado de 30€.

O establecemento de comercial Todo Lar colabora neste concurso donando premios en xoguetes e material didáctico, por importe de 500€.

Visto o anterior, e en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e vista a proposta da Concelleira delegado de Cultura e festas, de 26/10/2023, no expte. 2023/D004/000101, e da técnica de Cultura da mesma data, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde, segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda: a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases do Concurso de Postal e Cartel de Nadal 2023, que se presentan a continuación:

BASES DO CONCURSO POSTAL E CARTEL DE NADAL 2023

1. É obxecto do presente concurso seleccionar a tarxeta de felicitación e o cartel do Concello de Carballo e que anunciará as vindeiras festas de Nadal 2023. Este concurso está organizado polo Concello de Carballo.
2. Poderán participar neste concurso o alumnado de educación infantil ou educación primaria do municipio de Carballo, presentando unha soa obra por neno ou nena. Atendendo ás características excepcionais do CEIP Canosa-Rus, o alumnado deste centro poderá participar neste concurso. As obras deberán ser presentadas por un colexio ou entidade. **A autoría dos traballos deberá ser individual.**
3. Os traballos presentaranse en cartulina de tamaño 210x297 mm. (tamaño A4), como mínimo, ou 400x500 mm. como máximo, figurando no dorso o nome, apelidos, idade, enderezo e teléfono do autor/a e o nome do colexio no que estuda. No caso de que o traballo se presente desde outra entidade que non sexa o colexio (ANPA ou Asociación), deberá figurar o nome da entidade.
4. En todas as obras deberá figurar o seguinte lema:

NADAL CULTURAL 2023

CONCELLO DE CARBALLO

5. Para a valoración das obras terase en conta especialmente a creatividade do autor/autora, a orixinalidade da obra, a súa adecuación á finalidade do concurso, e a capacidade de comunicación gráfica (claridade do concepto, cor u forza visual, visibilidade, ...)

Os traballos presentados non poderán incluír elementos que sobresaian do debuxo, como paillos, algodón, purpurina, papel pegado,... pola dificultade de reproducir un cartel con estes engadidos.

6. O prazo de presentación das obras rematará o **luns 27 de novembro de 2023** antes das 13.30 h, debendo realizarse a entrega dos traballos nas oficinas da Concellería de Cultura situadas no Pazo da Cultura.

7. PREMIOS

1º PREMIO 175 € (máximo en libros e xoguetes)

2º PREMIO 100 € (máximo en libros e xoguetes)

5 ACCÉSITS 60 € (máximo en libros e xoguetes)

O colexio ou entidade do traballo gañador do 1º PREMIO recibirá un premio de 150 € en material didáctico. O primeiro e o segundo premio serán publicados como tarxeta de felicitación do Concello de Carballo e cartel anunciador das festas, respectivamente. As obras serán publicadas na páxina web e rrs do concello indicando a súa autoría.

Os colexios ou entidades que colaboran coa organización presentando os traballos dun mínimo do 30% do seu alumnado, recibirán un vale para mercar material didáctico e educativo por un importe aproximado de 30€.

8. O xurado estará constituído por un mínimo de cinco persoas designadas polo Concello de Carballo e pode resérvase o dereito de declarar deserto calquera dos premios citados.
9. As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Carballo que terá os dereitos de explotación incluíndo reprodución, comunicación pública e transformación, e poderán utilizarse en posteriores campañas, actividades e outras accións institucionais realizadas e organizadas desde o concello.
10. A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases

Segundo.- Aprobar a colaboración co Concurso de Postal e Cartel de Nadal 2023 da empresa Todo Lar. A empresa Todo Lar comprométese a aportar regalos para os premiados ou material didáctico e educativo para as entidades participantes por un importe máximo de 500€ e o Concello de Carballo comprométese a facer pública esta colaboración e a incluír o logotipo da empresa das Bases do Concurso.

Terceiro.- Aprobar un gasto por un importe de 575€ para sufragar os gastos dos premios aos autores dos traballos premiados asumidos polo Concello de Carballo do Concurso de Postal e Cartel de Nadal 2023 conforme ao especificado nas Bases de dito concurso. Os gastos irán con cargo á aplicación presupostaria 3340.- 22609 de "Actividades culturais" do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2023 (número de operación 220230013126, referencia 22023005890 de 25 de outubro de 2023).

8.-BASES E CONVOCATORIAS

8.1.-BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE TRES (3) PRAZAS DE OFICIAL DE EMERXENCIAS (GRUPO C, SUBGRUPO C1), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE COMETIDOS ESPECIAIS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

Antecedentes.

Primeiro.- O Concello de Carballo na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local núm. 10/22, celebrada en data do 09/05/2022, (Expte. 2022/E003/000001), con corrección de erros por acordo da Xunta do Goberno Local de 07/11/2022, aprobou a Oferta de Emprego Público do Concello de Carballo para o ano 2022 (OEP 2022) (BOP núm.91 do 13/05/2022 e BOP núm.217 do 16/11/2022). Na mesma figuraban incluídas as seguintes prazas:

Grupo	CLASIFICACIÓN	Nº	DENOMINACIÓN	ACCESO
C / C1	Escala Administración Especial Subescala Servizos Especiais Clase Cometidos Especiais	3	OFICIAL DE EMERXENCIAS	LIBRE

Segundo.- Por providencia da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de data 25/09/2023 ordenase a apertura do correspondente expediente de selección de persoal polo procedemento de Concurso-Oposición para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de tres (3) prazas de Oficial de Emerxencias (grupo C, subgrupo C1), da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Cometidos Especiais, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Terceiro.- Consta no expediente Informe da Técnico de Persoal, de data 23/10/2023, onde informa favorablemente as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de tres (3) prazas de Oficial de Emerxencias (grupo C, subgrupo C1), da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Cometidos Especiais, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Cuarto.- Consta no expediente Informe da Interventora Municipal, de data 31/10/2023, onde informa favorablemente a proposta formulada, para a selección de persoal, convocatoria e bases, das tres (3) prazas de Oficial de Emerxencias (grupo C, subgrupo C1), da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Cometidos Especiais, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo, en quenda libre, coas observacións que figuran no dito informe no referente ao incumprimento do límite da taxa de reposición de efectivos da OEP 2022 Ordinaria.

Á vista do anterior e vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 31/10/2023, no expte. 2023/E001/000022, e da técnica de persoal da mesma data, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 de 20/06/2023 (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de tres (3) prazas de Oficial de Emerxencias (grupo C, subgrupo C1), da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Cometidos Especiais, incluída na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

O texto das Bases é o transcrito a continuación no presente acordo.

Segundo.- Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. As Bases reguladoras do proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal). O anuncio da Convocatoria publicarse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Polo tanto, tal e como se establece na base sexta das bases reguladoras desta convocatoria, o prazo de presentación de instancias será de **vinte (20) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE TRES (3) PRAZAS DE OFICIAL DE EMERXENCIAS (GRUPO C, SUBGRUPO C1), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE COMETIDOS ESPECIAIS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

Expte. 2023/E001/000022. OFICIAL DE EMERXENCIAS. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a regulación dos aspectos xerais e específicos da convocatoria e do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de tres (3) prazas de Oficial de Emerxencias (Grupo C, Subgrupo C1) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Cometidos Especiais, incluídas na Oferta de Emprego Pública Ordinaria do Concello de Carballo para o ano 2022, aprobada por acordo da Xunta do Goberno Local en sesión 10/22 ordinaria, celebrada en data do 09/05/2022, e publicada no BOP da Coruña núm. 91, do 13/05/2022 (Expte. 2022/E003/000001), con corrección de erros por acordo da Xunta de Goberno Local do 07/11/2022, e publicada no BOP da Coruña núm. 217, do 16/11/2022.

As características das prazas obxecto da presente convocatoria son as que seguen (inclúense as titulacións e nivel de CELGA ou equivalente esixidos):

Grupo	CLASIFICACIÓN	Nº	DENOMINACIÓN	ACCESO	TITULACIÓN ESIXIDA	CELGA ou equivalente
C / C1	Escala Administración Especial Subescala Servizos Especiais Clase Cometidos Especiais	3	OFICIAL DE EMERXENCIAS	LIBRE	Bacharelato, Técnico ou equivalente	CELGA 4

2. PUBLICIDADE

As Bases reguladoras do proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal). O anuncio da Convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

3. SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**.

4. RÉXIME NORMATIVO APLICABLE

A correspondente convocatoria e proceso selectivo rexerá polo disposto nas presentes bases, e en todo o non previsto por elas, pola seguinte normativa:

- A Constitución Española.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril de 1985, reguladora das Bases de Réxime Local.

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.
- Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo.
- Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), modificada mediante a Orde do 10 de febreiro de 2014.
- Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo.
- Acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario do Concello de Carballo.
- Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia.
- Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia.
- Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil.
- Real Decreto 524/2023, do 20 de xuño, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Para ser admitido/a na realización das probas deste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

(a) **Nacionalidade.**

Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 57 do TREBEP e no artigo 52 da LEPG, no suposto de acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados, permita o acceso ao emprego público.

(b) **Idade.**

Ter feitos os dezaioito (18) anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

(c) **Capacidade funcional.**

Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

(d) **Habilitación.**

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais de outros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

(e) **Compatibilidade.**

Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

(f) **Titulación.**

Posuír o título de Bacharelato, Técnico ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo.

Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

(g) **Permiso de condución.**

Posuír o permiso de conducir da **clase C** ou equivalente, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

(h) **Galego.**

Estar en posesión do certificado acreditativo/xustificativo que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega, CELGA 4 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación, requirido para o desenvolvemento en galego do traballo que a persoa aspirante vai realizar habitualmente no Concello.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de

coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base undécima da convocatoria, e que cualificará ao/á aspirante como APTO ou NON APTO.

5.2. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día no que remate o prazo de presentación das solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo e ata o momento, no seu caso, de toma de posesión como persoal funcionario.

6. SOLICITUDES

6.1. As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Carballo na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

6.2. As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).

Se conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral do Concello de Carballo será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Deberase mandar xustificante de envío da presentación de instancias a través das oficinas de correo postal ao correo electrónico: xestiondepersoal@carballo.gal dentro do prazo máximo de presentación de instancias.

6.3. As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o **modelo específico de solicitude** de admisión a probas selectivas.

Achégase modelo – tipo de solicitude de participación como **Anexo II** destas bases.

6.4. O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte (20) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6.5. Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes acompañarán, inescusablemente, a seguinte documentación:

- (1) Copia do **DNI**, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- (2) Copia do **título** acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título requirido para participar na presente convocatoria e proceso selectivo, segundo o sinalado no apartado f) da base quinta desta convocatoria.
- (3) Copia do **permiso de condución** acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do permiso requirido para participar na presente convocatoria e proceso selectivo, segundo o sinalado no apartado g) da base quinta desta convocatoria.
- (4) **Relación de méritos** (índice dos mesmos) acompañada dos xustificantes acreditativos destes.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración e valoración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fora de prazo. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

(5) **Declaración responsable** na que consten os seguintes extremos:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- Non atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria.

(6) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de vinte e catro euros (24,00 €) en concepto de **dereitos de exame**, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal (en diante OF 26).

Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais indicando, **en todo caso**, os datos persoais da persoa aspirante e a praza á que se opta:

ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 - CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249

A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

Consonte ao disposto no artigo 6 da OF 26 establécese, en virtude do artigo 24.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, unha bonificación do 100% da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame para aqueles suxeitos que cumpran todos e cada un dos requisitos indicados no artigo 6.1 da OF 26; para a concesión da dita bonificación os interesados deberán presentar xunto coa instancia de solicitude de admisión ás probas os documentos indicados no artigo 6.2 da OF 26.

[Ordenanza Fiscal núm. 26: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/ordenanzas/ordenanza/4100>]

En todo caso, o suxeito pasivo estaré obrigado a facer constar a petición da bonificación xunto coa solicitude de admisión ás probas, debendo ingresar previamente a cota tributaria íntegra. A bonificación será concedida, no seu caso, posteriormente, procedendo, se fora o caso, á devolución dos ingresos, sen dereito á percepción de intereses de demora.

6.6. No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento da lingua galega requirido, **CELGA 4** ou título equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos previstos na Orde de 16 de xullo de 2007, e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

6.7. Segundo ao artigo 17.2.d) da Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo, as probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios/as ao servizo do Concello faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente con antelación.

6.8. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual o superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude e, de conformidade co establecido nestas bases, achegar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria. Debendo advertir, asemade, xunto coa solicitude, se precisan dalgún tipo de adaptación nas probas a desenvolver.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán achegar coa solicitude:

- Certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, ou aqueloutro órgano competente ao efecto, que acredite tal condición; debendo achegar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria competente, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

6.9. A antedita acreditación documental realizarse mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da LPACAP (ou aquelas outras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo da mesma.

6.10. Coa presentación da instancia para tomar parte nesta convocatoria entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.11. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6.12. No marco da vixente normativa de **Protección de Datos**, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello de Carballo coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, sendo o seu cumprimento obrigatorio para a admisión na presente convocatoria.

Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase conforme a forma determinada na Disposición Adicional Sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

O Concello será o responsable do tratamento destes datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Carballo, enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia do DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo ou ao correo electrónico: dpd@carballo.gal. ou de forma presencial en calquera dos lugares establecidos na LPACAP. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a Protección de Datos solicitándoa ao correo electrónico: dpd@carballo.gal.

7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando as causas de exclusión en cada caso. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, concedendo un prazo de **dez (10) días hábiles** para emendar as deficiencias que sexan

emendables, contado desde o día seguinte á devandita publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Quen dentro do prazo sinalado, non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido/a, será definitivamente excluído/a do proceso desta convocatoria.

Rematado o prazo de reclamacións, a Alcaldía ditará nova resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas, e elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións. Resolución que será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

No caso de non existir deficiencias a emendar, ditarase resolución declarando a listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva, e procederase a publicala no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

Na mesma resolución incluírase a designación nominal do Tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como, o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

8. TRIBUNAL CUALIFICADOR

8.1. O tribunal cualificador é o órgano colexiado de carácter técnico, profesional e especializado, encargado do desenrolo e cualificación das probas selectivas, que actuará con estrita independencia ante calquera posible inxerencia.

O órgano de selección actuará con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros serán persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da presente convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Os seus membros velarán por garantir, en todo momento, a obxectividade e a transparencia do proceso selectivo e o cumprimento tanto das bases desta convocatoria coma das demais normas de aplicación.

A pertenza o tribunal será sempre a título individual sen que poida ostentarse en representación ou por conta de ninguén (artículo 60 TREBEP).

8.2. Os membros do tribunal cualificador noméanse na resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo e determinase o comezo das probas. Na dita Resolución indícarase nominalmente cada membro do tribunal, a súa pertenza a un determinado corpo/escala/categoría, o cargo que ocupa ou ben a posesión dunha determinada titulación, a fin de acreditar os principios de especialidade, mérito, capacidade, solvencia e profesionalidade.

8.3. A composición do tribunal cualificador responderá ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre muller e home. Seu funcionamento axustarase ás regras de imparcialidade e obxectividade.

Será nomeado polo órgano convocante, estará formado por un número impar de membros, en número non inferior a cinco (5), designándose o mesmo número de suplentes, e estará composto por:

- a) Un/unha presidente/a.
- b) Polo menos, 3 Vogais.
- c) Un/Unha secretario/a.

8.4. Todas as persoas que compoñan o tribunal cualificador deberán ter a condición de funcionarias de carreira e na súa composición velarase polo cumprimento do principio de especialidade. A totalidade dos membros deberá posuír unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo do posto da presente convocatoria. Ademais, en ningún caso o tribunal poderá estar formado maioritariamente por funcionarios pertencentes ao mesmo corpo ou escala da praza convocada.

8.5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores especialistas, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos para o dito asesoramento.

Así mesmo, o órgano de selección poderá valerse de persoal colaborador durante o desenvolvemento material dos exercicios.

8.6. En ningún caso poderán formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

8.7. O réxime xurídico aplicable ó tribunal cualificador axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante LRJSP).

8.8. Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das Administracións Públicas, artigo 23 da LRJSP.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusalos de acordo có disposto nos artigos 23 e 24 da LRJSP.

8.9. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, a lo menos, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente), debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a ou persoa en quen delegue. De todas as reunións que celebre o tribunal o secretario redactará a correspondente acta.

8.10. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recadando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

8.11. O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

8.12. Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo (e demais normativa concordante e/ ou substitutiva). En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

9. COMEZO E CRITERIOS XERAIS DO DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

9.1. Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa

primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

9.2. O sistema selectivo empregado será o **concurso-oposición**, que constará dunha fase de oposición obrigatoria e eliminatoria e dunha fase de concurso, obrigatoria e non eliminatoria. A fase de concurso deberá desenvolverse con carácter previo a fase de oposición.

9.3. Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para quen non acredite estar en posesión do nivel requirido, CELGA 4 ou equivalente.

9.4. Concluído cada unha das correspondentes fases, concurso e oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de aspirantes que superasen o proceso, indicando a puntuación obtida.

9.5. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

9.6. A orde de actuación dos/as aspirantes iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "V", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 23 de xaneiro de 2023, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o día 23/01/2023 (DOG nº 18 do 26/01/2023), ou de conformidade co establecido na Resolución vixente do ano en curso, de acordo co sorteo ao que se refire no artigo 9 o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non contar con aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

9.7. Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade.

O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade dos aspirantes. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o órgano de selección tivese coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión á autoridade que convoca, ou no seu caso poñerá en coñecemento da mesma que puidese concorrer esta circunstancia para que, previas as comprobacións necesarias, resolva ao respecto.

9.8. Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

9.9. Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

9.10. Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario das convocatorias que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

10. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE CONCURSO (máx. 40 puntos)

Con carácter previo a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso.

A fase de concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos sinalados a continuación, alegados e xustificados polas persoas aspirantes, e na mesma poderase obter ata unha puntuación máxima de 40 puntos.

Para a valoración acompañarase relación (índice) circunstancial dos méritos que se aleguen, unindo á dita relación os documentos acreditativos daqueles, pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados no prazo de presentación de solicitudes.

O tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións, alegacións, que consideren oportunas no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo.

A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as posibles alegacións e no caso de non existir, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso proseguindo o proceso, sen prexuízo dos recursos que procedan a criterio e mellor defensa dos intereses dos/as aspirantes.

1.- EXPERIENCIA COMO PERSOAL PROFESIONAL: Ata un máximo de 15 puntos.

- A razón de 0,15 puntos por cada mes completo, ata un máximo de 15 puntos, por servizos efectivos prestados en Administracións ou Empresas Públicas en servizos operativos de intervención directa en emerxencias, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da Protección Civil.
- A razón de 0,15 puntos por cada mes completo, ata un máximo de 15 puntos, por servizos efectivos prestados en Administracións ou Empresas Públicas en servizos operativos de intervención directa en emerxencias, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito dos Servizos de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS), das Brigadas de Reforzo en Incendios Forestais (BRIF) e dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).

Non se computarán os períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días. En todos os casos deberá aportarse **informe de vida laboral** expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional, salvo que a persoa aspirante acredite que foron servizos prestados durante o período en que se goce dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas por conciliación da vida familiar e laboral, que serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa. Para estes efectos considéranse servizos efectivos os prestados en situación de servizos especiais e de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, excedencia por razón da violencia de xénero e excedencia por razón de violencia terrorista.

Os servizos prestados en administracións públicas deberán xustificarse mediante certificación de servizos prestados e certificado de funcións asignadas, onde constará a denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocuparan e a relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa administración pública correspondente. Os méritos relativos aos servizos prestados no Concello de Carballo deberán alegarse coa solicitude,

con indicación dos períodos de servizos prestados e serán comprobados polo Servizo de Recursos Humanos.

A experiencia profesional en empresas públicas para traballadores/as asalariados/as en actividades profesionais relacionadas co posto de traballo convocado deberán xustificarse mediante copia dos contratos de traballo e prorrogas dos mesmos ou certificación da empresa pública onde se houbera adquirido a dita experiencia profesional, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolada e o intervalo de tempo no que se realizou a actividade.

2.- EXPERIENCIA COMO PERSOAL VOLUNTARIO: Ata un máximo de 5 puntos.

Segundo o disposto na Disposición Adicional primeira da Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, a experiencia, debidamente xustificada, **desenvolta durante un período mínimo dun ano** en organizacións de voluntariado que realicen actividades relacionadas coa protección civil ou a xestión de emerxencias poderá ser considerada como mérito para acceder aos servizos profesionais de protección civil, extinción de incendios ou calquera outros relacionados coa xestión de emerxencias, sen prexuízo dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e do disposto na Lei de Emprego Público de Galicia.

En atención ao anteriormente exposto, no presente proceso selectivo valorarase o tempo de prestación de servizos como persoal voluntario de Protección Civil:

- A razón de 0,10 puntos por cada mes completo, ata un máximo de 5 puntos, por servizos efectivos prestados computados única e exclusivamente a partir dun ano de prestación de tales servizos, e dentro dos 10 anos anteriores á presente convocatoria, en servizos operativos de intervención directa en emerxencias, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito das Agrupacións Voluntarias de Protección Civil (AVPC) da Comunidade Autónoma de Galicia, oficialmente rexistradas segundo se establece no Decreto 56/2000, do 3 de marzo.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días.

Acreditarase perante certificado expedido pola persoa representante da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil debidamente rexistrada, onde conste o tempo de servizos prestados como persoal voluntario, facendo constar expresamente as datas de inicio e finalización dos mesmos.

3.- FORMACIÓN ESPECÍFICA: Ata un máximo de 20 puntos.

- A razón de 0,20 puntos por cada 20 horas formativas, ata un máximo de 20 puntos, por cursos de formación recibida, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo obxecto desta convocatoria.

Non se valorarán aqueles cursos de duración inferior a 20 horas. No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

Computaranse cursos de formación e perfeccionamento, titulación de Formación Profesional, titulacións Universitarias e titulacións de Posgraos (máster, experto universitario, curso especialización, técnico especialista, etc.) que versen sobre **materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto convocado**, cursados en universidades públicas ou privadas debidamente acreditadas, impartidos por Centros Oficiais e demais Administracións Públicas, así como centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo público, FEMP, FEGAMP, etc. sempre que tivesen sido oficialmente recoñecidos, e que se acrediten mediante título, certificado ou diploma coa expresión do curso realizado, o temario/contido e número de horas de realización de cada formación, ata o máximo de puntuación que se estableza nas bases.

Valóranse os cursos realizados integramente, non os módulos realizados por separado e que integren un curso.

Non serán obxecto de valoración outra formación en idiomas distinta da esixida como requisito.

Non se valorarán a realización de xornadas, seminarios, simposios ou congresos.

Terase en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os/as candidatos/as presentados/as, cando sexa a mesma formación con distintos niveis, é dicir, non son acumulables.

Soamente se computarán os cursos que queden acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e exprese con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de formación que o impartiu.

Non se computarán os cursos non acreditados polo aspirante.

11. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE OPOSICIÓN (máx. 60 puntos)

Rematada a fase de concurso, procederase a realizar a fase de oposición.

A fase de oposición consistirá na realización dos exercicios sinalados a continuación, e na mesma poderase obter ata unha puntuación máxima de 60 puntos.

Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para quen non acredite estar en posesión do nivel requirido, CELGA 4 ou equivalente.

Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de aspirantes que o superasen indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na listaxe terán a consideración de **non aptos**.

Non poderán superar a fase de oposición nin, consecuentemente, o proceso selectivo, aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios que lle resultan obrigatorios. Así, as persoas aspirantes que non superen algún dos exercicios obrigatorios quedarán eliminados/as do proceso selectivo.

Para garantir o anonimato os aspirantes realizarán os exercicios identificados cun código alfanumérico aleatorio que coincidirá co que identifique unha ficha co seu nome, apelidos e DNI e que introducirán nun sobre pechado que se identificará con ese mesmo código.

As probas selectivas faranse en lingua galega, a proba escrita distribuirase por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que as persoas aspirantes poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. Neste caso, as persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial solicitarana expresamente coa antelación debida e por escrito, de conformidade co artigo 17.d) da Ordenanza para o impulso da lingua galega no concello de Carballo (BOP núm.226 do 27/11/2013).

11.1. PRIMEIRO EXERCICIO. PROBAS FÍSICAS

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Para a realización deste exercicio da fase de oposición, as persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, aínda que o mesmo poida ter que ser desenvolvido en varias sesións.

Consistirá na superación de **dúas probas de aptitude física**, pertinentes para a comprobación da existencia da capacidade necesaria para as funcións a realizar no posto convocado.

A – RESISTENCIA: Carreira de 1.600 metros lisos

Realizase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo. A persoa aspirante colocase na pista no lugar indicado. A posición de saída realizase en pé. Partindo da posición de pé, detrás da liña de saída, deberase percorrer unha distancia de 1.600 metros en pista.

Só se permite un intento. A persoa aspirante que abandone a proba quedará excluída do proceso selectivo.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.600 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle a continuación para cada sexo:

Homes: tempo igual ou inferior a 6' 40"

Mulleres: tempo igual ou inferior a 7' 50"

B – NATACIÓN: Proba de natación de 50 metros

Realizarase en piscina municipal de 25 metros de longo. A persoa aspirante colocarse na piscina no lugar indicado. A persoa aspirante deberá situarse na posición de saída e deberá percorrer unha distancia de 50 metros a nado libre sen tocar o chan nin as corcheiras. Só se permite un intento. A persoa aspirante que abandone a proba quedará excluída do proceso selectivo.

A proba consistirá en nadar a distancia de 50 metros no tempo máximo (en segundos) que se recolle a continuación para cada sexo:

Homes: tempo igual ou inferior a 60"

Mulleres: tempo igual ou inferior a 65"

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización destas probas, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

Estas probas cualificarán a persoa aspirante como **apta** ou **non apta**. Para obter a cualificación de apto as persoas aspirantes non deberán superar o limiar máximo establecido para cada proba, quedando eliminadas do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non acaden a dita cualificación.

11.2. SEGUNDO EJERCICIO. PROBA TIPO TEST: Ata un máximo de 20 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria.

Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

A puntuación de cada pregunta será a seguinte:

- 1) Cada resposta correcta outorgarase 0,20 puntos.
- 2) Cada resposta incorrecta restaranse 0,05 puntos.
- 3) As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación.

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 20 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 10 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados/as.

O Tribunal incluírá varias pregunta reserva. As preguntas reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do cuestionario que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do cuestionario terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera mais dunha anulación.

Ao finalizar o exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa folla de respostas.

No prazo máximo de dous (2) días hábiles desde a finalización da proba, o órgano de selección publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas.

A cualificación de este exercicio farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

11.3. TERCEIRO EXERCICIO. PROBA PRÁCTICA: Ata un máximo de 40 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado o primeiro exercicio.

Para a realización deste exercicio da fase de oposición, as persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, aínda que o mesmo poida ter que ser desenvolvido en varias sesións.

Consistirá na **execución de actividades propias do posto**, no tempo que o tribunal determine segundo o tipo de exercicio ou exercicios propostos, realizaranse un ou varios supostos prácticos que demostren a posesión de habilidades e destrezas en relación ao contido do temario específico anexo a esta convocatoria e ás funcións propias do posto convocado.

Neste exercicio, valorase:

- **Ata 20 puntos:** a calidade das actividades desenvolvidas, de acordo cos estándares da práctica laboral.
- **Ata 10 puntos:** a soltura e pericia das persoas aspirantes no desenvolvemento das mesmas, así como, no uso dos equipos, maquinaria, útiles, ferramentas e instrumentos que puidesen resultar necesarios.
- **Ata 10 puntos:** o correcto emprego de técnicas e medidas de protección e seguridade, tanto propias como aplicables ás persoas usuarias.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 40 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 20 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados/as.

A cualificación de este exercicio farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas a este exercicio, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

11.4. CUARTO EXERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Para a superación do proceso selectivo será preciso acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega esixido. En cumprimento do artigo 51 da LEPG, as persoas aspirantes que non teñan

acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega de carácter eliminatorio.

O exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega será unicamente obrigatorio para as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de galego requirido, CELGA 4 ou equivalente, segundo o sinalado no apartado 5.1.g) das presentes bases.

Esta proba cualificará a persoa aspirante como **apta** ou **non apta**.

Consistirá nunha redacción en galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, dun documento relacionado coas funcións do posto de traballo e/ou nunha proba oral dun máximo de 10 minutos.

Estas probas serán acordes ás características funcionais dos postos de traballo convocados, para demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 4.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto/a, quedando eliminadas do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non acaden a dita cualificación.

12. CUALIFICACIÓN FINAL

12.1. Non poderán superar o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios obrigatorios. Cada un dos exercicios da oposición será cualificado consonte ao sinalado nas bases, sendo necesario aprobar cada un deles para acceder ao seguinte.

A puntuación e a orde de cualificación definitiva das persoas aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición, á que se engadirá a puntuación obtida na fase de concurso.

En caso de empate na puntuación final prevalecerá a puntuación obtida na fase de oposición, e de persistir o empate, dirimirase pola puntuación obtida no terceiro e segundo exercicio da oposición, sucesivamente e por esta orde. De persistir o empate, por quen tivera maior puntuación no concurso. De persistir o empate, dirimirase por sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

12.2. Finalizadas as probas, o tribunal fará público, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación, unha vez agregadas as dúas fases do proceso, e elevará dita relación, xunto coa acta da última sesión e a proposta de nomeamento, que terá carácter vinculante, á Alcaldía para que efectúe o correspondente nomeamento.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao de prazas convocadas.

No obstante ao anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

12.3. Para os efectos previstos no punto anterior, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados nesta convocatoria.

12.4. O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

13. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS

No prazo máximo de **vinte (20) días naturais**, contados desde o día seguinte a publicación das listaxes de aprobados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, as persoas aspirantes propostas para o nomeamento deberán presentar a documentación xustificativa do cumprimento das condicións de capacidade e dos requisitos esixidos nesta convocatoria:

- Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.
- Documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados no concurso para o seu cotexo e compulsa coas copias presentadas xunto coa solicitude participación no proceso selectivo.
- Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Esta documentación presentaranse, preferentemente por vía electrónica, mediante escrito, rexistrado e dirixido ao Servizo de Persoal do Concello de Carballo. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, a Alcaldía decretara o nomeamento como persoal funcionario de carreira a persoa aspirante proposta, sendo nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo máximo **dun (1) mes**, contado desde o día seguinte ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, debendo prestar previamente xuramento ou promesa de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a formula de xuramento en cargos e funcións públicas.

Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, o/a nomeado/a non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

15. ELABORACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO

Elaborarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que, superando a lo menos o primeiro mais o segundo exercicio da fase de oposición, non obtivesen praza, para a cobertura temporal de prazas por persoal funcionario interino nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 23.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Esta listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Auxiliar Administrativo terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal, que poñan fin a vixencia da mesma. Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

A xestión desta listaxe de agarda de persoal funcionario interino será segundo ao indicado na Instrución vixente sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello de Carballo.

16. RECURSOS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, ou alternativamente recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de A Coruña, contados en ámbolos dous casos os prazos a partir do día seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

ANEXO I – TEMARIO

PARTE XERAL

1. A Constitución Española de 1978: Principios Xerais e Estrutura. Dereitos fundamentais e Liberdades públicas. Dereitos e Deberes dos cidadáns. Garantías e Suspensión dos dereitos e liberdades.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Principios Xerais e Estrutura.
3. O municipio: concepto e elementos. Competencias propias, compartidas e delegadas.
4. O termo municipal. A poboación municipal. O estatuto do veciño.
5. A organización municipal nos concellos de réxime común. Órganos necesarios e órganos complementarios. A participación dos veciños na xestión municipal.
6. A potestade regulamentaria local. Ordenanzas e Regulamentos.
7. O persoal ao servizo das Administracións Públicas: Dereitos e deberes. Incompatibilidades dos empregados públicos.
8. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Normas xerais de actuación.

PARTE ESPECÍFICA

9. Toponimia. O Concello de Carballo: Parroquias e rueiro. Límites. Poboación. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Localización dos lugares do Concello de Carballo. Principais vías de comunicación. As instalacións municipais. Ubicación e características funcionais. Localización dos edificios destinados a servizos públicos e funcións que se levan a cabo neles.
10. A Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia: Disposición xerais. Dereitos e deberes. O persoal. Organización administrativa e competencias. Niveis de Actuacións. A Axencia Galega de Emerxencias. Competencias das entidades locais. Órganos de coordinación e cooperación interadministrativa.
11. A Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia: A acción pública de Protección Civil e Emerxencia. As medidas de autoprotección privada. Réxime sancionador en materia de protección civil e xestión de emerxencias.
12. A Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil: Disposicións xerais. Cooperación e coordinación.
13. A Lei 17/2015 do Sistema Nacional de Protección Civil: Actuacións. Anticipación. Prevención. Planificación. Resposta inmediata. Recuperación. Emerxencias de interese nacional.
14. Real Decreto 524/2023, do 20 de xuño, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.
15. Orde PCI/488/2019, do 26 de abril, pola que se publica a Estratexia Nacional de Protección Civil, aprobada polo Consello de Seguridade Nacional.
16. Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA): Definición, Obxectivos e Marco Legal. Estrutura, Organizacións e Funcións.
17. PLATERGA: Centros de Coordinación. Operatividade.
18. PLATERGA: Medidas de Protección. Avisos de Información. Integración dos Plans de ámbito Local noutros de ámbito superior.
19. Plan de Emerxencias Municipal (PEMU). Plan de Actuación Municipal (PAM).

20. Plans de Autoprotección. Real Decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.
21. Plans de Autoprotección. Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección da Comunidade Autónoma de Galicia.
22. Plan de Comunicacions de Emerxencia de Galicia. Rede Corporativa de Comunicacions Móviles Dixitais de Emerxencia e Seguridade de Galicia (RESGAL) baseada en tecnoloxía TETRA (TErrestrial Trunked Radio).
23. Plan de Protección Civil de Salvamento en Praias de Galicia (SAPRAGA).
24. Plan Especial de Protección Civil ante o risco de Inundacións en Galicia (INUNGAL).
25. Primeiros Auxilios: Conceptos xerais. Traballo conxunto con equipos sanitarios de emerxencias.
26. Primeiros Auxilios: Soporte Vital Básico (SVB). A cadea de supervivencia.
27. Primeiros Auxilios: Reanimación Cardio Pulmonar (RCP). Desfibrilación Semiautomática (DESA).
28. Primeiros Auxilios: Intoxicación por gases e obstrución da vía aérea.
29. Primeiros Auxilios: Traumatismos e fracturas. Feridas e hemorraxias.
30. Primeiros Auxilios: Electrocucións e shock. Queimaduras, golpe de calor e hipotermia.
31. Rescate no contorno urbano. As operacións de rescate. O material de rescate. Técnicas de progresión en lugares de difícil acceso. Técnicas de rescate complexas. Organización da operación de rescate.
32. Técnicas de Excarceración e Extracción de vítimas en accidentes de tráfico. Equipos de protección individual. Estrutura e compoñentes dos vehículos. Notificación, desprazamento e sinalización do accidente. Identificación e desconexión de vehículo con enerxías alternativas. Elementos, técnicas e manobras de estabilización. Ferramentas de excarceración. Elementos de protección. Plans de actuación. Manobras de acceso á vítima. Extraccións de emerxencia.
33. Intervención en Espazos Confinados. Espazos confinados, definición, características, normativa e riscos. Equipos para o traballo en espazos confinados e avaliación de atmosferas. Técnicas de progresión en espazos confinados.
34. Operacións de salvamento en altura. O material de rescate. prácticas de rescate. Prácticas de técnicas de auto-rescate. Prácticas de técnicas de rescate a unha vítima.
35. Incendios Urbanos e Industriais: teoría do lume, tipos de lume, equipos e medios contra incendios.
36. Incendios Forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
37. Incidentes con substancias perigosas: Equipos e materiais para as intervencións no transporte de substancias perigosas. Manobras básicas de identificación do perigo no transporte de substancias perigosas.
38. Medios móbiles: vehículos contra incendios e outros vehículos terrestres. Xeneralidades. Tipos. Condución de vehículos de emerxencias.
39. Seguridade e saúde no traballo: Prevención de riscos laborais para Oficiais de Emerxencias. Marco normativo. Dereitos e obrigacións dos traballadores e do empresario en materia de

prevención de riscos laborais. Normas e medidas protectoras individuais e colectivas. Avaliación de riscos.

40. Equipos de Protección Individual (EPI). Equipos de Protección Respiratoria (EPR).

ANEXO II - MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

APELIDOS	
NOME	
DNI	
DATA DE NACEMENTO	
NACIONALIDADE	
ENDEREZO POSTAL vía, número, piso, código postal, concello, provincia	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE TRES (3) PRAZAS DE OFICIAL DE EMERXENCIAS (GRUPO C, GRUPO C1), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE COMETIDOS ESPECIAIS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base sexta das bases reguladoras do mesmo, a seguinte documentación:

Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade.

Copia do título acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto nas bases reguladoras.

Copia do permiso de condución acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do permiso requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto nas bases reguladoras.

Relación de méritos (índice dos mesmos) acompañada dos xustificantes acreditativos destes alegados na fase de concurso.

Copia de documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4 ou equivalente.

Declaración responsable na que consten os seguintes extremos:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- Non atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria.

Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de vinte e catro euros (24,00 €) en concepto de dereitos de exame, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal.

Solicito a bonificación da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame

Cumpro os requisitos e achego xunto con esta instancia a documentación necesaria para solicitala.

Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación, documentación acreditativa de dita condición, e da miña compatibilidade coas funcións e tarefas propias da vacante convocada, nos termos do previsto, ao efecto, nas bases reguladoras.

Solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas.

Idioma do exame:

Carballo, a de de 2023.

AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Información básica sobre protección de datos

Acepto a política de privacidade e protección de datos.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); dpd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é APDTIC PROFESIONALES S.L.. có que poderá contactar en dpd@carballo.gal. Os datos serán utilizados en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello De Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: dpd@carballo.gal .

8.2.-BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE DOUS (2) PRAZAS DE OFICIAL TRACTORISTA (GRUPO C, SUBGRUPO C2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

Antecedentes.

Primeiro.- O Concello de Carballo na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local núm. 10/22, celebrada en data do 09/05/2022, (Expte. 2022/E003/000001), con corrección de erros por acordo da Xunta do Goberno Local de 07/11/2022, aprobou a Oferta de Emprego Público do Concello de Carballo para o ano 2022 (OEP 2022) (BOP núm.91 do 13/05/2022 e BOP núm.217 do 16/11/2022). Na mesma figuraban incluídas as seguintes prazas:

Grupo	CLASIFICACIÓN	Nº	DENOMINACIÓN	ACCESO
C / C2	Escala Administración Especial Subescala Servizos Especiais Clase Persoal de Oficios	2	OFICIAL TRACTORISTA	LIBRE

Segundo.- Por providencia da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de data 25/09/2023 ordenase a apertura do correspondente expediente de selección de persoal polo procedemento de Concurso-Oposición para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de dous (2) prazas de Oficial Tractorista (Grupo C, Subgrupo C2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Terceiro.- Consta no expediente Informe da Técnico de Persoal, de data 02/10/2023, onde informa favorablemente as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de dous (2) prazas de Oficial Tractorista (Grupo C, Subgrupo C2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Cuarto.- Consta no expediente Informe da Interventora Municipal, de data 23/10/2023, onde informa favorablemente a proposta formulada, para a selección de persoal, convocatoria e bases, das dous (2) prazas de Oficial Tractorista (Grupo C, Subgrupo C2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo, en quenda libre, coas observacións que figuran no dito informe no referente ao incumprimento do límite da taxa de reposición de efectivos da OEP 2022 Ordinaria.

Á vista do anterior e vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 31/10/2023 no expte 2023/E001/000024 e da técnica de persoal da mesma data, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

Primeiro.- Aprobar as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de dous (2) prazas de Oficial Tractorista (Grupo C, Subgrupo C2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

O texto das Bases é o transcrito a continuación no presente acordo.

Segundo.- Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. As Bases reguladoras do proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal). O anuncio da Convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Polo tanto, tal e como se establece na base sexta das bases reguladoras desta convocatoria, o prazo de presentación de instancias será de **vinte (20) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE DOUS (2) PRAZAS DE OFICIAL TRACTORISTA (GRUPO C, SUBGRUPO C2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

Expte. 2023/E001/000024. OFICIAL TRACTORISTA. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a regulación dos aspectos xerais e específicos da convocatoria e do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de dous (2) prazas de Oficial Tractorista (Grupo C, Subgrupo C2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Pública Ordinaria do Concello de Carballo para o ano 2022, aprobada por acordo da Xunta do Goberno Local en sesión 10/22 ordinaria, celebrada en data do 09/05/2022, e publicada no BOP da Coruña núm. 91, do 13/05/2022 (Expte. 2022/E003/000001), con corrección de erros por acordo da Xunta de Goberno Local do 07/11/2022, e publicada no BOP da Coruña núm. 217, do 16/11/2022.

As características das prazas obxecto da presente convocatoria son as que seguen (inclúense as titulacións e nivel de CELGA ou equivalente esixidos):

Grupo	CLASIFICACIÓN	Nº	DENOMINACIÓN	ACCESO	TITULACIÓN ESIXIDA	CELGA ou equivalente
C / C2	Escala Administración Especial Subescala Servizos Especiais Clase Persoal de Oficios	2	OFICIAL TRACTORISTA	LIBRE	Título ESO ou equivalente	CELGA 3

Funcións Oficial Tractorista :

- Manexar maquinaria utilizada pola unidade: Agrupación de Obras e Servizos, Brigada de Obras e Servizos, Grupo de mantemento e limpeza de vías e espazos públicos.
- Asumir a conservación e mantemento da maquinaria.
- Realizar tarefas especializadas para a conservación, mantemento e limpeza de vías e espazos públicos.
- Calquera outra, correspondente a súa categoría, e propia do departamento no que se integra.

2. PUBLICIDADE

As Bases reguladoras do proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal). O anuncio da Convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

3. SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**.

4. RÉXIME NORMATIVO APLICABLE

A correspondente convocatoria e proceso selectivo rexeráse polo disposto nas presentes bases, e en todo o non previsto por elas, pola seguinte normativa:

- A Constitución Española.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril de 1985, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.
- Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo.
- Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), modificada mediante a Orde do 10 de febreiro de 2014.
- Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo.
- Acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario do Concello de Carballo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Para ser admitido/a na realización das probas deste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

(a) **Nacionalidade.**

Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 57 do TREBEP e no artigo 52 da LEPG, no suposto de acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados, permita o acceso ao emprego público.

(b) **Idade.**

Ter feitos os dezaioito (18) anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

(c) **Capacidade funcional.**

Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

(d) **Habilitación.**

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais de outros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

(e) **Compatibilidade.**

Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

(f) **Titulación.**

Posuír o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. Así mesmo, observarse o establecido na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo.

Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

(g) **Permiso de condución.**

Posuír o permiso de conducir da **clase B** ou equivalente, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

(h) **Galego.**

Estar en posesión do certificado acreditativo/xustificativo que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega, CELGA 3 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación, requirido para o desenvolvemento en galego do traballo que a persoa aspirante vai realizar habitualmente no Concello.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega requirido, ou estar en condicións de obtelo

dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base undécima da convocatoria, e que cualificará ao/á aspirante como APTO ou NON APTO.

5.2. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día no que remate o prazo de presentación das solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo e ata o momento, no seu caso, de toma de posesión como persoal funcionario.

6. SOLICITUDES

6.1. As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Carballo na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

6.2. As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).

Se conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral do Concello de Carballo será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Deberase mandar xustificante de envío da presentación de instancias a través das oficinas de correo postal ao correo electrónico: xestiondepersoal@carballo.gal dentro do prazo máximo de presentación de instancias.

6.3. As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o **modelo específico de solicitude** de admisión a probas selectivas.

Achégase modelo – tipo de solicitude de participación como **Anexo II** destas bases.

6.4. O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte (20) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6.5. Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes acompañarán, inescusablemente, a seguinte documentación:

- (1) Copia do **DNI**, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- (2) Copia do **título** acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título requirido para participar na presente convocatoria e proceso selectivo, segundo o sinalado no apartado f) da base quinta desta convocatoria.
- (3) Copia do **permiso de condución** acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do permiso requirido para participar na presente convocatoria e proceso selectivo, segundo o sinalado no apartado g) da base quinta desta convocatoria.
- (4) **Relación de méritos** (índice dos mesmos) acompañada dos xustificantes acreditativos destes.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración e valoración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo,

que serán considerados como achega de nova documentación fora de prazo. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

(5) **Declaración responsable** na que consten os seguintes extremos:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- Non atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria.

(6) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezaioito euros (18,00 €) en concepto de **dereitos de exame**, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal (en diante OF 26).

Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais indicando, **en todo caso**, os datos persoais da persoa aspirante e a praza á que se opta:

ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 - CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249

A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

Consonte ao disposto no artigo 6 da OF 26 establécese, en virtude do artigo 24.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, unha bonificación do 100% da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame para aqueles suxeitos que cumpran todos e cada un dos requisitos indicados no artigo 6.1 da OF 26; para a concesión da dita bonificación os interesados deberán presentar xunto coa instancia de solicitude de admisión ás probas os documentos indicados no artigo 6.2 da OF 26.

[Ordenanza Fiscal núm. 26: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/ordenanzas/ordenanza/4100>]

En todo caso, o suxeito pasivo estará obrigado a facer constar a petición da bonificación xunto coa solicitude de admisión ás probas, debendo ingresar previamente a cota tributaria íntegra. A bonificación será concedida, no seu caso, posteriormente, procedendo, se fora o caso, á devolución dos ingresos, sen dereito á percepción de intereses de demora.

6.6. No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento da lingua galega requirido, **CELGA 3** ou título equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano

competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos previstos na Orde de 16 de xullo de 2007, e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

6.7. Segundo ao artigo 17.2.d) da Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo, as probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios/as ao servizo do Concello faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente con antelación.

6.8. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual o superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitud e, de conformidade co establecido nestas bases, achegar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria. Debendo advertir, asemade, xunto coa solicitud, se precisan dalgún tipo de adaptación nas probas a desenvolver.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán achegar coa solicitud:

- Certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, ou aqueloutro órgano competente ao efecto, que acredite tal condición; debendo achegar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria competente, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

6.9. A antedita acreditación documental realizarse mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da LPACAP (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo da mesma.

6.10. Coa presentación da instancia para tomar parte nesta convocatoria entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.11. A non presentación da solicitud en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6.12. No marco da vixente normativa de **Protección de Datos**, os datos contidos na solicitud serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello de Carballo coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, sendo o seu cumprimento obrigatorio para a admisión na presente convocatoria.

Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase conforme a forma determinada na Disposición Adicional Sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

O Concello será o responsable do tratamento destes datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Carballo, enviando unha solicitud por escrito, acompañada de fotocopia do DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo ou ao correo electrónico: dpd@carballo.gal. ou de forma presencial en calquera dos lugares establecidos na LPACAP. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a Protección de Datos solicitándoa ao correo electrónico: dpd@carballo.gal.

7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando as causas de exclusión en cada caso. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, concedendo un prazo de **dez (10) días hábiles** para emendar as deficiencias que sexan emendables, contado desde o día seguinte á devandita publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Quen dentro do prazo sinalado, non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido/a, será definitivamente excluído/a do proceso desta convocatoria.

Rematado o prazo de reclamacións, a Alcaldía ditará nova resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas, e elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións. Resolución que será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

No caso de non existir deficiencias a emendar, ditarase resolución declarando a listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva, e procederase a publicala no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

Na mesma resolución incluírase a designación nominal do Tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como, o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

8. TRIBUNAL CUALIFICADOR

8.1. O tribunal cualificador é o órgano colexiado de carácter técnico, profesional e especializado, encargado do desenrolo e cualificación das probas selectivas, que actuará con estrita independencia ante calquera posible inxerencia.

O órgano de selección actuará con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros serán persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da presente convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Os seus membros velarán por garantir, en todo momento, a obxectividade e a transparencia do proceso selectivo e o cumprimento tanto das bases desta convocatoria coma das demais normas de aplicación.

A pertenza o tribunal será sempre a título individual sen que poida ostentarse en representación ou por conta de ninguén (artículo 60 TREBEP).

8.2. Os membros do tribunal cualificador noméanse na resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo e determinase o comezo das probas. Na dita Resolución indícarase nominalmente cada membro do tribunal, a súa pertenza a un determinado corpo/escala/categoría, o cargo que ocupa ou ben a posesión dunha determinada titulación, a fin de acreditar os principios de especialidade, mérito, capacidade, solvencia e profesionalidade.

8.3. A composición do tribunal cualificador responderá ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre muller e home. Seu funcionamento axustarase ás regras de imparcialidade e obxectividade.

Será nomeado polo órgano convocante, estará formado por un número impar de membros, en número non inferior a cinco (5), designándose o mesmo número de suplentes, e estará composto por:

- a) Un/unha presidente/a.
- b) Polo menos, 3 Vogais.
- c) Un/Unha secretario/a.

8.4. Todas as persoas que compoñan o tribunal cualificador deberán ter a condición de funcionarias de carreira e na súa composición velarase polo cumprimento do principio de especialidade. A totalidade dos membros deberá posuír unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo do posto da presente convocatoria. Ademais, en ningún caso o tribunal poderá estar formado maioritariamente por funcionarios pertencentes ao mesmo corpo ou escala da praza convocada.

8.5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores especialistas, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos para o dito asesoramento.

Así mesmo, o órgano de selección poderá valerse de persoal colaborador durante o desenvolvemento material dos exercicios.

8.6. En ningún caso poderán formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

8.7. O réxime xurídico aplicable ó tribunal cualificador axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante LRJSP).

8.8. Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das Administracións Públicas, artigo 23 da LRJSP.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusalos de acordo có disposto nos artigos 23 e 24 da LRJSP.

8.9. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, a lo menos, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente), debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a ou persoa en quen delegue. De todas as reunións que celebre o tribunal o secretario redactará a correspondente acta.

8.10. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recadando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

8.11. O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

8.12. Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo (e demais normativa concordante e/ ou substitutiva). En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

9. COMEZO E CRITERIOS XERAIS DO DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

9.1. Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

9.2. O sistema selectivo empregado será o **concurso-oposición**, que constará dunha fase de oposición obrigatoria e eliminatória e dunha fase de concurso, obrigatoria e non eliminatória. A fase de concurso deberá desenvolverse con carácter previo a fase de oposición.

9.3. Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para quen non acredite estar en posesión do nivel requirido, CELGA 3 ou equivalente.

9.4. Concluído cada unha das correspondentes fases, concurso e oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de aspirantes que superasen o proceso, indicando a puntuación obtida.

9.5. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

9.6. A orde de actuación dos/as aspirantes iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "V", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 23 de xaneiro de 2023, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o día 23/01/2023 (DOG nº 18 do 26/01/2023), ou de conformidade co establecido na Resolución vixente do ano en curso, de acordo co sorteo ao que se refire no artigo 9 o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non contar con aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

9.7. Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade.

O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade dos aspirantes. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o órgano de selección tivese coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión á autoridade que convoca, ou no seu caso poñerá en coñecemento da mesma que puidese concorrer esta circunstancia para que, previas as comprobacións necesarias, resolva ao respecto.

9.8. Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

9.9. Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

9.10. Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario das convocatorias que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

10. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE CONCURSO (máx. 10 puntos)

Con carácter previo a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso.

A fase de concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos sinalados a continuación, alegados e xustificados polas persoas aspirantes, e na mesma poderase obter ata unha puntuación máxima de 10 puntos.

Para a valoración acompañarase relación (índice) circunstancial dos méritos que se aleguen, unindo á dita relación os documentos acreditativos daqueles, pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados no prazo de presentación de solicitudes.

O tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións, alegacións, que consideren oportunas no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo.

A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as posibles alegacións e no caso de non existir, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso proseguindo o proceso, sen prexuízo dos recursos que procedan a criterio e mellor defensa dos intereses dos/as aspirantes.

FORMACIÓN ESPECÍFICA: Ata un máximo de 10 puntos.

- A razón de 0,10 puntos por cada 20 horas formativas, ata un máximo de 10 puntos, por cursos de formación recibida, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo obxecto desta convocatoria.

Non se valorarán aqueles cursos de duración inferior a 20 horas. No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

Computaranse cursos de formación e perfeccionamento, titulación de Formación Profesional, titulacións Universitarias e titulacións de Posgraos (máster, experto universitario, curso especialización, técnico especialista, etc.) que versen sobre **materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto convocado**, cursados en universidades públicas ou privadas debidamente acreditadas, impartidos por Centros Oficiais e demais Administracións Públicas, así como centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo público, FEMP, FEGAMP, etc. sempre que tivesen sido oficialmente recoñecidos, e que se acrediten mediante título, certificado ou diploma coa expresión do curso realizado, o temario/contido e número de horas de realización de cada formación, ata o máximo de puntuación que se estableza nas bases.

Valóranse os cursos realizados integramente, non os módulos realizados por separado e que integren un curso.

Non serán obxecto de valoración outra formación en idiomas distinta da esixida como requisito.

Non se valorarán a realización de xornadas, seminarios, simposios ou congresos.

Terase en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os/as candidatos/as presentados/as, cando sexa a mesma formación con distintos niveis, é dicir, non son acumulables.

Soamente se computarán os cursos que queden acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e exprese con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de formación que o impartiu.

Non se computarán os cursos non acreditados polo aspirante.

11. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE OPOSICIÓN (máx. 90 puntos)

Rematada a fase de concurso, procederase a realizar a fase de oposición.

A fase de oposición consistirá na realización dos exercicios sinalados a continuación, e na mesma poderase obter ata unha puntuación máxima de 90 puntos.

Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para quen non acredite estar en posesión do nivel requirido, CELGA 3 ou equivalente.

Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de aspirantes que o superasen indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na listaxe terán a consideración de **non aptos**.

Non poderán superar a fase de oposición nin, consecuentemente, o proceso selectivo, aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios que lle resultan obrigatorios. Así, as persoas aspirantes que non superen algún dos exercicios obrigatorios quedarán eliminados/as do proceso selectivo.

Para garantir o anonimato os aspirantes realizarán os exercicios identificados cun código alfanumérico aleatorio que coincidirá co que identifique unha ficha co seu nome, apelidos e DNI e que introducirán nun sobre pechado que se identificará con ese mesmo código.

As probas selectivas faranse en lingua galega, a proba escrita distribuirase por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que as persoas aspirantes poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. Neste caso, as persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial solicitarana expresamente coa antelación debida e por escrito, de conformidade co artigo 17.d) da Ordenanza para o impulso da lingua galega no concello de Carballo (BOP núm.226 do 27/11/2013).

11.1. PRIMEIRO EXERCICIO. PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA: Ata un máximo de 30 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Consistirá na resolución **por escrito**, nun tempo máximo de 60 minutos, de **varias preguntas curtas** relacionadas con un ou varios supostos prácticos en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria e ás funcións propias do posto convocado.

O enunciado dos supostos será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio.

Neste exercicio, valorase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto dos supostos. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos aspirantes, a exactitude, corrección, seriedade e claridade expositiva da proba, ausencia de lagoas e contradicións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente, razoamentos, formulacións de conclusións e pragmatismo na resolución dos supostos.

A ponderación de cada un destes criterios en cada un dos supostos será posto en coñecemento dos aspirantes con carácter previo á realización do exercicio. Así mesmo, no caso de poñerse varios supostos prácticos polo tribunal con distinta puntuación cada un deles, deberá indicarse no exercicio entregado ás persoas aspirantes, a puntuación de cada un deles e o desenvolvemento dos criterios de cualificación xerais determinados, de selo caso.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 30 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 15 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados/as.

A cualificación de este exercicio farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas a este exercicio, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

11.2. SEGUNDO EJERCICIO. PROBA PRÁCTICA: Ata un máximo de 60 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado o primeiro exercicio.

Para a realización deste exercicio da fase de oposición, as persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, aínda que o mesmo poida ter que ser desenvolvido en varias sesións.

Consistirá na **execución de actividades propias do posto**, un ou varios supostos prácticos que demostren a posesión de habilidades e destrezas en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria e ás funcións propias do posto convocado.

Neste exercicio, valorase:

- **Ata 30 puntos:** a calidade das actividades desenvolvidas, de acordo cos estándares da práctica laboral.
- **Ata 20 puntos:** a soltura e pericia das persoas aspirantes no desenvolvemento das mesmas, así como, no uso dos equipos, maquinaria, útiles, ferramentas e instrumentos que puidesen resultar necesarios.
- **Ata 10 puntos:** o correcto emprego de técnicas e medidas de protección e seguridade, tanto propias como aplicables ás persoas usuarias.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 60 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 30 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados/as.

A cualificación de este exercicio farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas a este exercicio, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

11.3. TERCEIRO EJERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Para a superación do proceso selectivo será preciso acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega esixido. En cumprimento do artigo 51 da LEPG, as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega de carácter eliminatorio.

O exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega será unicamente obrigatorio para as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de galego requirido, CELGA 3 ou equivalente, segundo o sinalado no apartado 5.1.g) das presentes bases.

Esta proba cualificará a persoa aspirante como **apta** ou **non apta**.

Consistirá nunha redacción en galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, dun documento relacionado coas funcións do posto de traballo e/ou nunha proba oral dun máximo de 10 minutos.

Estas probas serán acordes ás características funcionais dos postos de traballo convocados, para demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 3.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto/a, quedando eliminadas do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non acaden a dita cualificación.

12. CUALIFICACIÓN FINAL

12.1. Non poderán superar o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios obrigatorios. Cada un dos exercicios da oposición será cualificado consonte ao sinalado nas bases, sendo necesario aprobar cada un deles para acceder ao seguinte.

A puntuación e a orde de cualificación definitiva das persoas aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición, á que se engadirá a puntuación obtida na fase de concurso.

En caso de empate na puntuación final prevalecerá a puntuación obtida na fase de oposición, e de persistir o empate, dirimirase pola puntuación obtida no segundo e primeiro exercicio da oposición, sucesivamente e por esta orde. De persistir o empate, por quen tivera maior puntuación no concurso. De persistir o empate, dirimirase por sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

12.2. Finalizadas as probas, o tribunal fará público, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación, unha vez agregadas as dúas fases do proceso, e elevará dita relación, xunto coa acta da última sesión e a proposta de nomeamento, que terá carácter vinculante, á Alcaldía para que efectúe o correspondente nomeamento.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao de prazas convocadas.

No obstante ao anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

12.3. Para os efectos previstos no punto anterior, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados nesta convocatoria.

12.4. O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

13. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS

No prazo máximo de **vinte (20) días naturais** , contados desde o día seguinte a publicación das listaxes de aprobados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, as persoas aspirantes propostas para o nomeamento deberán presentar a documentación xustificativa do cumprimento das condicións de capacidade e dos requisitos esixidos nesta convocatoria:

- Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.
- Documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados no concurso para o seu cotexo e compulsa coas copias presentadas xunto coa solicitude participación no proceso selectivo.
- Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Esta documentación presentaranse, preferentemente por vía electrónica, mediante escrito, rexistrado e dirixido ao Servizo de Persoal do Concello de Carballo. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, a Alcaldía decretara o nomeamento como persoal funcionario de carreira a persoa aspirante proposta, sendo nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo máximo **dun (1) mes** , contado desde o día seguinte ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, debendo prestar previamente xuramento ou promesa de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a formula de xuramento en cargos e funcións públicas.

Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, o/a nomeado/a non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

15. ELABORACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO

Elaborarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que, superando algún dos exercicios da fase de oposición, non obtivesen praza, para a cobertura temporal de prazas por persoal funcionario

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

interino nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 23.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Esta listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Auxiliar Administrativo terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal, que poñan fin a vixencia da mesma. Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

A xestión desta listaxe de agarda de persoal funcionario interino será segundo ao indicado na Instrución vixente sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello de Carballo.

16. RECURSOS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, ou alternativamente recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de A Coruña, contados en ámbolos dous casos os prazos a partir do día seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

ANEXO I – TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978: Estrutura. Dereitos e deberes fundamentais.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura. As institución da Comunidade Autónoma: o Parlamento, a Xunta e o Presidente.
3. O municipio: concepto e elementos. Competencias propias, compartidas e delegadas. A poboación municipal. O estatuto do veciño.
4. O persoal ao servizo das Administracións Públicas: Dereitos e deberes. Incompatibilidades dos empregados públicos.
5. O Concello de Carballo: Parroquias e rueiro. Límites. Poboación. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Localización dos lugares do Concello de Carballo. Principais vías de comunicación.
6. O Concello de Carballo: As instalacións municipais. Ubicación e características funcionais. Localización dos edificios destinados a servizos públicos e funcións que se levan a cabo neles.
7. Seguridade e saúde no traballo: Lei de prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigacións dos traballadores e do empresario en materia de prevención de riscos laborais. Normas e medidas protectoras individuais e colectivas. A utilización de equipos de protección individual.
8. Seguridade e saúde en traballos en estradas. Equipos de protección individual. Precaucións na manipulación de produtos e sustancias químicas. Manipulación manual de cargas.
9. Primeiros auxilios no caso de accidentes de traballo. Accidentes de circulación: socorrismo e asistencia de primeiros auxilios.
10. Seguridade viaria: Principios xerais. Sinalización, balizamento e defensas nas obras nas que se executen en vías públicas.
11. Código de Circulación: Normas de circulación. Manobras, prioridade de paso, luces nos vehículos. Sinais de circulación, tipos e características, límites de velocidade. Delitos contra a seguridade de tráfico.
12. Coñecementos básicos do tractor: Principios fundamentais de mecánica do tractor. Motor diésel. Circuito de inxección.
13. Coñecementos básicos do tractor: Principios fundamentais de electricidade do tractor. Equipo eléctrico dos vehículos con motor diésel. Circuito de alimentación.
14. Coñecementos básicos do tractor: Cambio de velocidades e embrague. Obxecto, elementos que o compoñen, descrición e funcionamento.
15. Tractores e equipos agrícolas. Coñecementos de apeiros do tractor. Tipoloxía e funcionamento.
16. Manexo de tractores. Manexo do brazo desbrozador, desbrozadora de cadeas e cortacéspedes.
17. Desbroce e limpeza de fincas. Métodos manuais e mecánicos.
18. Coñecemento e identificación de especies arbóreas e distancias mínimas segundo a normativa de montes e protección de incendios. Prevención de incendios no medio rural.
19. Coñecementos básicos de mecánica. Reparacións mais frecuentes e reparacións sen especial dificultade técnica.
20. O almacenamento, mantemento e conservación da maquinaria da Brigada de Obras Municipal.

ANEXO II - MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

APELIDOS	
NOME	
DNI	
DATA DE NACEMENTO	
NACIONALIDADE	
ENDEREZO POSTAL vía, número, piso, código postal, concello, provincia	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE DOUS (2) PRAZAS DE OFICIAL TRACTORISTA (GRUPO C, GRUPO C2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base sexta das bases reguladoras do mesmo, a seguinte documentación:

Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade.

Copia do título acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do

título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto nas bases reguladoras.

Copia do permiso de condución acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do permiso requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto nas bases reguladoras.

Relación de méritos (índice dos mesmos) acompañada dos xustificantes acreditativos destes alegados na fase de concurso.

Copia de documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 3 ou equivalente.

Declaración responsable na que consten os seguintes extremos:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- Non atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria.

Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezaioito euros (18,00 €) en concepto de dereitos de exame, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal.

Solicito a bonificación da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame

Cumpro os requisitos e achego xunto con esta instancia a documentación necesaria para solicitala.

Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación, documentación acreditativa de dita condición, e da miña compatibilidade coas funcións e tarefas propias da vacante convocada, nos termos do previsto, ao efecto, nas bases reguladoras.

Solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas.

Idioma do exame:

Carballo, a de de 2023.

AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Información básica sobre protección de datos

Acepto a política de privacidade e protección de datos.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); dpd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é APDTIC PROFESIONALES S.L.. có que poderá contactar en dpd@carballo.gal. Os datos serán utilizados en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello De Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: dpd@carballo.gal .

8.3.-BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE CATRO (4) PRAZAS DE OFICIAL MANTEMENTO OBRAS (GRUPO C, SUBGRUPO C2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

Antecedentes.

Primeiro.- O Concello de Carballo na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local núm. 10/22, celebrada en data do 09/05/2022, (Expte. 2022/E003/000001), con corrección de erros por acordo da Xunta do Goberno Local de 07/11/2022, aprobou a Oferta de Emprego Público do Concello de Carballo para o ano 2022 (OEP 2022) (BOP núm.91 do 13/05/2022 e BOP núm.217 do 16/11/2022). Na mesma figuraban incluídas as seguintes prazas:

Grupo	CLASIFICACIÓN	Nº	DENOMINACIÓN	ACCESO
C / C2	Escala Administración Especial Subescala Servizos Especiais Clase Persoal de Oficios	4	OFICIAL MANTEMENTO OBRAS	LIBRE

Segundo.- Por providencia da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de data 25/09/2023 ordenase a apertura do correspondente expediente de selección de persoal polo procedemento de Concurso-Oposición para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de catro (4) prazas de Oficial Mantemento Obras (Grupo C, Subgrupo C2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Terceiro.- Consta no expediente Informe da Técnico de Persoal, de data 02/10/2023, onde informa favorablemente as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de catro (4) prazas de Oficial Mantemento Obras (Grupo C, Subgrupo C2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Cuarto.- Consta no expediente Informe da Interventora Municipal, de data 30/10/2023, onde informa favorablemente a proposta formulada, para a selección de persoal, convocatoria e bases, das catro (4) prazas de Oficial Mantemento Obras (Grupo C, Subgrupo C2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo, en quenda libre, coas observacións que figuran no dito informe no referente ao incumprimento do límite da taxa de reposición de efectivos da OEP 2022 Ordinaria.

Á vista do anterior e vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 31/10/2023 no expte 2023/E001/000025 e da técnica de persoal da mesma data, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

Primeiro.- Aprobar as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de catro (4) prazas de Oficial Mantemento Obras (Grupo C, Subgrupo C2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

O texto das Bases é o transcrito a continuación no presente acordo.

Segundo.- Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. As Bases reguladoras do proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal). O anuncio da Convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Polo tanto, tal e como se establece na base sexta das bases reguladoras desta convocatoria, o prazo de presentación de instancias será de **vinte (20) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE CATRO (4) PRAZAS DE OFICIAL MANTEMENTO OBRAS (GRUPO C, SUBGRUPO C2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

Expte. 2023/E001/000025. OFICIAL OBRAS. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a regulación dos aspectos xerais e específicos da convocatoria e do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de catro (4) prazas de Oficial Mantemento Obras (Grupo C, Subgrupo C2) da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Pública Ordinaria do Concello de Carballo para o ano 2022, aprobada por acordo da Xunta do Goberno Local en sesión 10/22 ordinaria, celebrada en data do 09/05/2022, e publicada no BOP da Coruña núm. 91, do 13/05/2022 (Expte. 2022/E003/000001), con corrección de erros por acordo da Xunta de Goberno Local do 07/11/2022, e publicada no BOP da Coruña núm. 217, do 16/11/2022.

As características das prazas obxecto da presente convocatoria son as que seguen (inclúense as titulacións e nivel de CELGA ou equivalente esixidos):

Grupo	CLASIFICACIÓN	Nº	DENOMINACIÓN	ACCESO	TITULACIÓN ESIXIDA	CELGA ou equivalente
C / C2	Escala Administración Especial Subescala Servizos Especiais Clase Persoal de Oficios	4	OFICIAL MANTEMENTO OBRAS	LIBRE	Título ESO ou equivalente	CELGA 3

Funcións Oficial Mantemento Obras (Brigada de Obras e Servizos):

- Realizar múltiples tarefas de mantemento e acondicionamento que requiran de certa cualificación técnica ou profesional.
- Realizar obras, baixo a dirección directa do Xefe de Grupo e do Encargado e baixo as directrices dos postos técnicos.
- Supervisar e colaborar, directamente, na realización das actividades propias dos Operarios.
- Calquera outra, correspondente a súa subescala, e propia da área na que se integra.

2. PUBLICIDADE

As Bases reguladoras do proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal). O anuncio da Convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

3. SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**.

4. RÉXIME NORMATIVO APLICABLE

A correspondente convocatoria e proceso selectivo rexeráse polo disposto nas presentes bases, e en todo o non previsto por elas, pola seguinte normativa:

- A Constitución Española.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril de 1985, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.
- Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo.
- Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), modificada mediante a Orde do 10 de febreiro de 2014.
- Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo.
- Acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario do Concello de Carballo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Para ser admitido/a na realización das probas deste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

(a) **Nacionalidade.**

Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 57 do TREBEP e no artigo 52 da LEPG, no suposto de acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados, permita o acceso ao emprego público.

(b) **Idade.**

Ter feitos os dezaseis (16) anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

(c) **Capacidade funcional.**

Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

(d) **Habilitación.**

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais de outros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

(e) **Compatibilidade.**

Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

(f) **Titulación.**

Posuír o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo.

Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír as titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

(g) **Galego.**

Estar en posesión do certificado acreditativo/xustificativo que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega, CELGA 3 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación, requirido para o desenvolvemento en galego do traballo que a persoa aspirante vai realizar habitualmente no Concello.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base undécima da convocatoria, e que cualificará ao/á aspirante como APTO ou NON APTO.

5.2. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día no que remate o prazo de presentación das solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo e ata o momento, no seu caso, de toma de posesión como persoal funcionario.

6. SOLICITUDES

6.1. As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Carballo na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

6.2. As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).

Se conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral do Concello de Carballo será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Deberase mandar xustificante de envío da presentación de instancias a través das oficinas de correo postal ao correo electrónico: xestiondepersoal@carballo.gal dentro do prazo máximo de presentación de instancias.

6.3. As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o **modelo específico de solicitude** de admisión a probas selectivas.

Achégase modelo – tipo de solicitude de participación como **Anexo II** destas bases.

6.4. O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte (20) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6.5. Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes acompañarán, inescusablemente, a seguinte documentación:

- (1) Copia do **DNI**, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- (2) Copia do **título** acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título requirido para participar na presente convocatoria e proceso selectivo, segundo o sinalado no apartado f) da base quinta desta convocatoria.
- (3) **Relación de méritos** (índice dos mesmos) acompañada dos xustificantes acreditativos destes.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración e valoración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fora de prazo. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

- (4) **Declaración responsable** na que consten os seguintes extremos:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- Non atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria.

- (5) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezoito euros (18,00 €) en concepto de **dereitos de exame**, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal (en diante OF 26).

Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais indicando, **en todo caso**, os datos persoais da persoa aspirante e a praza á que se opta:

ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 - CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249

A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

Consonte ao disposto no artigo 6 da OF 26 establécese, en virtude do artigo 24.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, unha bonificación do 100% da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame para aqueles suxeitos que cumpran todos e cada un dos requisitos indicados no artigo 6.1 da OF 26; para a concesión da dita bonificación os interesados deberán presentar xunto coa instancia de solicitude de admisión ás probas os documentos indicados no artigo 6.2 da OF 26.

[Ordenanza Fiscal núm. 26: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/ordenanzas/ordenanza/4100>]

En todo caso, o suxeito pasivo estará obrigado a facer constar a petición da bonificación xunto coa solicitude de admisión ás probas, debendo ingresar previamente a cota tributaria íntegra. A bonificación será concedida, no seu caso, posteriormente, procedendo, se fora o caso, á devolución dos ingresos, sen dereito á percepción de intereses de demora.

6.6. No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento da lingua galega requirido, **CELGA 3** ou título equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos previstos na Orde de 16 de xullo de 2007, e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

6.7. Segundo ao artigo 17.2.d) da Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo, as probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios/as ao servizo do Concello faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente con antelación.

6.8. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual o superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude e, de conformidade co establecido nestas bases, achegar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria. Debendo advertir, asemade, xunto coa solicitude, se precisan dalgún tipo de adaptación nas probas a desenvolver.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán achegar coa solicitude:

- Certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, ou aqueloutro órgano competente ao efecto, que acredite tal condición; debendo achegar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria competente, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

6.9. A antedita acreditación documental realizarse mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da LPACAP (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo da mesma.

6.10. Coa presentación da instancia para tomar parte nesta convocatoria entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.11. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6.12. No marco da vixente normativa de **Protección de Datos**, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello de Carballo coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, sendo o seu cumprimento obrigatorio para a admisión na presente convocatoria.

Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase conforme a forma determinada na Disposición Adicional Sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

O Concello será o responsable do tratamento destes datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Carballo, enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia do DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo ou ao correo electrónico: dpd@carballo.gal. ou de forma presencial en calquera dos lugares establecidos na LPACAP. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a Protección de Datos solicitándoa ao correo electrónico: dpd@carballo.gal.

7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando as causas de exclusión en cada caso. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, concedendo un prazo de **dez (10) días hábiles** para emendar as deficiencias que sexan emendables, contado desde o día seguinte á devandita publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Quen dentro do prazo sinalado, non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido/a, será definitivamente excluído/a do proceso desta convocatoria.

Rematado o prazo de reclamacións, a Alcaldía ditará nova resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas, e elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións. Resolución que será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

No caso de non existir deficiencias a emendar, ditarase resolución declarando a listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva, e procederase a publicala no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

Na mesma resolución incluírase a designación nominal do Tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como, o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

8. TRIBUNAL CUALIFICADOR

8.1. O tribunal cualificador é o órgano colexiado de carácter técnico, profesional e especializado, encargado do desenrolo e cualificación das probas selectivas, que actuará con estrita independencia ante calquera posible inxerencia.

O órgano de selección actuará con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros serán persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da presente convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Os seus membros velarán por garantir, en todo momento, a obxectividade e a transparencia do proceso selectivo e o cumprimento tanto das bases desta convocatoria coma das demais normas de aplicación.

A pertenza o tribunal será sempre a título individual sen que poida ostentarse en representación ou por conta de ninguén (artículo 60 TREBEP).

8.2. Os membros do tribunal cualificador noméanse na resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo e determinase o comezo das probas. Na dita Resolución indícase nominalmente cada membro do tribunal, a súa pertenza a un determinado corpo/escala/categoría, o cargo que ocupa ou ben a posesión dunha determinada titulación, a fin de acreditar os principios de especialidade, mérito, capacidade, solvencia e profesionalidade.

8.3. A composición do tribunal cualificador responderá ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre muller e home. Seu funcionamento axustarase ás regras de imparcialidade e obxectividade.

Será nomeado polo órgano convocante, estará formado por un número impar de membros, en número non inferior a cinco (5), designándose o mesmo número de suplentes, e estará composto por:

- a) Un/unha presidente/a.
- b) Polo menos, 3 Vogais.
- c) Un/Unha secretario/a.

8.4. Todas as persoas que compoñan o tribunal cualificador deberán ter a condición de funcionarias de carreira e na súa composición velarase polo cumprimento do principio de especialidade. A totalidade dos membros deberá posuír unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo do posto da presente convocatoria. Ademais, en ningún caso o tribunal poderá estar formado maioritariamente por funcionarios pertencentes ao mesmo corpo ou escala da praza convocada.

8.5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores especialistas, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos para o dito asesoramento.

Así mesmo, o órgano de selección poderá valerse de persoal colaborador durante o desenvolvemento material dos exercicios.

8.6. En ningún caso poderán formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

8.7. O réxime xurídico aplicable ó tribunal cualificador axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante LRJSP).

8.8. Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorran algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das Administracións Públicas, artigo 23 da LRJSP.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusalos de acordo có disposto nos artigos 23 e 24 da LRJSP.

8.9. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, a lo menos, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente), debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a ou persoa en quen delegue. De todas as reunións que celebre o tribunal o secretario redactará a correspondente acta.

8.10. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recadando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

8.11. O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

8.12. Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo (e demais normativa concordante e/ ou substitutiva). En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

9. COMEZO E CRITERIOS XERAIS DO DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

9.1. Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

9.2. O sistema selectivo empregado será o **concurso-oposición**, que constará dunha fase de oposición obrigatoria e eliminatoria e dunha fase de concurso, obrigatoria e non eliminatoria. A fase de concurso deberá desenvolverse con carácter previo a fase de oposición.

9.3. Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para quen non acredite estar en posesión do nivel requirido, CELGA 3 ou equivalente.

9.4. Concluído cada unha das correspondentes fases, concurso e oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de aspirantes que superasen o proceso, indicando a puntuación obtida.

9.5. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

9.6. A orde de actuación dos/as aspirantes iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "V", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 23 de xaneiro de 2023, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o día 23/01/2023 (DOG nº 18 do 26/01/2023), ou de conformidade co establecido na Resolución vixente do ano en curso, de acordo co sorteo ao que se refire no artigo 9 o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non contar con aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

9.7. Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade.

O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade dos aspirantes. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o órgano de selección tivese coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión á autoridade que convoca, ou no seu caso poñerá en coñecemento da mesma que puidese concorrer esta circunstancia para que, previas as comprobacións necesarias, resolva ao respecto.

9.8. Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

9.9. Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

9.10. Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario das convocatorias que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

10. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE CONCURSO (máx. 10 puntos)

Con carácter previo a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso.

A fase de concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos sinalados a continuación, alegados e xustificados polas persoas aspirantes, e na mesma poderase obter ata unha puntuación máxima de 10 puntos.

Para a valoración acompañarase relación (índice) circunstancial dos méritos que se aleguen, unindo á dita relación os documentos acreditativos daqueles, pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados no prazo de presentación de solicitudes.

O tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións, alegacións, que consideren oportunas no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo.

A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as posibles alegacións e no caso de non existir, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso proseguindo o proceso, sen prexuízo dos recursos que procedan a criterio e mellor defensa dos intereses dos/as aspirantes.

FORMACIÓN ESPECÍFICA: Ata un máximo de 10 puntos.

- A razón de 0,10 puntos por cada 20 horas formativas, ata un máximo de 10 puntos, por cursos de formación recibida, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo obxecto desta convocatoria.

Non se valorarán aqueles cursos de duración inferior a 20 horas. No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

Computaranse cursos de formación e perfeccionamento, titulación de Formación Profesional, titulacións Universitarias e titulacións de Posgraos (máster, experto universitario, curso especialización, técnico especialista, etc.) que versen sobre **materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto convocado**, cursados en universidades públicas ou privadas debidamente acreditadas, impartidos por Centros Oficiais e demais Administracións Públicas, así como centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo público, FEMP, FEGAMP, etc. sempre que tivesen sido oficialmente recoñecidos, e que se acrediten mediante título, certificado ou diploma coa expresión do curso realizado, o temario/contido e número de horas de realización de cada formación, ata o máximo de puntuación que se estableza nas bases.

Valóranse os cursos realizados integramente, non os módulos realizados por separado e que integren un curso.

Non serán obxecto de valoración outra formación en idiomas distinta da esixida como requisito.

Non se valorarán a realización de xornadas, seminarios, simposios ou congresos.

Terase en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os/as candidatos/as presentados/as, cando sexa a mesma formación con distintos niveis, é dicir, non son acumulables.

Soamente se computarán os cursos que queden acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e exprese con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de formación que o impartiu.

Non se computarán os cursos non acreditados polo aspirante.

11. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE OPOSICIÓN (máx. 90 puntos)

Rematada a fase de concurso, procederase a realizar a fase de oposición.

A fase de oposición consistirá na realización dos exercicios sinalados a continuación, e na mesma poderase obter ata unha puntuación máxima de 90 puntos.

Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para quen non acredite estar en posesión do nivel requirido, CELGA 3 ou equivalente.

Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de aspirantes que o superasen indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na listaxe terán a consideración de **non aptos**.

Non poderán superar a fase de oposición nin, consecuentemente, o proceso selectivo, aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios que lle resultan obrigatorios. Así, as persoas aspirantes que non superen algún dos exercicios obrigatorios quedarán eliminados/as do proceso selectivo.

Para garantir o anonimato os aspirantes realizarán os exercicios identificados cun código alfanumérico aleatorio que coincidirá co que identifique unha ficha co seu nome, apelidos e DNI e que introducirán nun sobre pechado que se identificará con ese mesmo código.

As probas selectivas faranse en lingua galega, a proba escrita distribuirase por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que as persoas aspirantes poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. Neste caso, as persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial solicitarana expresamente coa antelación debida e por escrito, de conformidade co artigo 17.d) da Ordenanza para o impulso da lingua galega no concello de Carballo (BOP núm.226 do 27/11/2013).

11.1. PRIMEIRO EXERCICIO. PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA: Ata un máximo de 30 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Consistirá na resolución **por escrito**, nun tempo máximo de 60 minutos, de **varias preguntas curtas** relacionadas con un ou varios supostos prácticos en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria e ás funcións propias do posto convocado.

O enunciado dos supostos será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio.

Neste exercicio, valorase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto dos supostos. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos aspirantes, a exactitude, corrección, seriedade e claridade expositiva da proba, ausencia de lagoas e contradicións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente, razoamentos, formulacións de conclusións e pragmatismo na resolución dos supostos.

A ponderación de cada un destes criterios en cada un dos supostos será posto en coñecemento dos aspirantes con carácter previo á realización do exercicio. Así mesmo, no caso de poñerse varios supostos prácticos polo tribunal con distinta puntuación cada un deles, deberá indicarse no exercicio entregado ás persoas aspirantes, a puntuación de cada un deles e o desenvolvemento dos criterios de cualificación xerais determinados, de selo caso.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 30 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 15 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados/as.

A cualificación de este exercicio farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes

poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas a este exercicio, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

11.2. SEGUNDO EJERCICIO. PROBA PRÁCTICA: Ata un máximo de 60 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado o primeiro exercicio.

Para a realización deste exercicio da fase de oposición, as persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, aínda que o mesmo poida ter que ser desenvolvido en varias sesións.

Consistirá na **execución de actividades propias do posto**, un ou varios supostos prácticos que demostren a posesión de habilidades e destrezas en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria e ás funcións propias do posto convocado.

Neste exercicio, valorase:

- **Ata 30 puntos:** a calidade das actividades desenvolvidas, de acordo cos estándares da práctica laboral.
- **Ata 20 puntos:** a soltura e pericia das persoas aspirantes no desenvolvemento das mesmas, así como, no uso dos equipos, maquinaria, útiles, ferramentas e instrumentos que puidesen resultar necesarios.
- **Ata 10 puntos:** o correcto emprego de técnicas e medidas de protección e seguridade, tanto propias como aplicables ás persoas usuarias.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 60 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 30 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados/as.

A cualificación de este exercicio farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas a este exercicio, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

11.3. TERCEIRO EJERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Para a superación do proceso selectivo será preciso acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega esixido. En cumprimento do artigo 51 da LEPG, as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega de carácter eliminatorio.

O exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega será unicamente obrigatorio para as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de galego requirido, CELGA 3 ou equivalente, segundo o sinalado no apartado 5.1.g) das presentes bases.

Esta proba cualificará a persoa aspirante como **apta** ou **non apta**.

Consistirá nunha redacción en galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, dun documento relacionado coas funcións do posto de traballo e/ou nunha proba oral dun máximo de 10 minutos.

Estas probas serán acordes ás características funcionais dos postos de traballo convocados, para demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 3.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto/a, quedando eliminadas do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non acaden a dita cualificación.

12. CUALIFICACIÓN FINAL

12.1. Non poderán superar o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios obrigatorios. Cada un dos exercicios da oposición será cualificado consonte ao sinalado nas bases, sendo necesario aprobar cada un deles para acceder ao seguinte.

A puntuación e a orde de cualificación definitiva das persoas aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición, á que se engadirá a puntuación obtida na fase de concurso.

En caso de empate na puntuación final prevalecerá a puntuación obtida na fase de oposición, e de persistir o empate, dirimirase pola puntuación obtida no segundo e primeiro exercicio da oposición, sucesivamente e por esta orde. De persistir o empate, por quen tivera maior puntuación no concurso. De persistir o empate, dirimirase por sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

12.2. Finalizadas as probas, o tribunal fará público, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación, unha vez agregadas as dúas fases do proceso, e elevará dita relación, xunto coa acta da última sesión e a proposta de nomeamento, que terá carácter vinculante, á Alcaldía para que efectúe o correspondente nomeamento.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao de prazas convocadas.

No obstante ao anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

12.3. Para os efectos previstos no punto anterior, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados nesta convocatoria.

12.4. O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

13. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS

No prazo máximo de **vinte (20) días naturais**, contados desde o día seguinte a publicación das listaxes de aprobados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, as persoas aspirantes propostas para o nomeamento deberán presentar a documentación xustificativa do cumprimento das condicións de capacidade e dos requisitos esixidos nesta convocatoria:

- Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.

- Documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados no concurso para o seu cotexo e compulsa coas copias presentadas xunto coa solicitude participación no proceso selectivo.
- Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Esta documentación presentaranse, preferentemente por vía electrónica, mediante escrito, rexistrado e dirixido ao Servizo de Persoal do Concello de Carballo. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, a Alcaldía decretara o nomeamento como persoal funcionario de carreira a persoa aspirante proposta, sendo nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo máximo **dun (1) mes**, contado desde o día seguinte ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, debendo prestar previamente xuramento ou promesa de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a formula de xuramento en cargos e funcións públicas.

Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, o/a nomeado/a non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

15. ELABORACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO

Elaborarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que, superando algún dos exercicios da fase de oposición, non obtivesen praza, para a cobertura temporal de prazas por persoal funcionario interino nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 23.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Esta listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Auxiliar Administrativo terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal, que poñan fin a vixencia da mesma. Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

A xestión desta listaxe de agarda de persoal funcionario interino será segundo ao indicado na Instrución vixente sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello de Carballo.

16. RECURSOS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, ou alternativamente recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de A Coruña, contados en ámbolos dous casos os prazos a partir do día seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

ANEXO I – TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978: Estrutura. Dereitos e deberes fundamentais.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura. As institución da Comunidade Autónoma: o Parlamento, a Xunta e o Presidente.
3. O municipio: concepto e elementos. Competencias propias, compartidas e delegadas. A poboación municipal. O estatuto do veciño.
4. O Concello de Carballo: Parroquias e rueiro. As instalacións municipais. Ubicación e características funcionais. Localización dos edificios destinados a servizos públicos e funcións que se levan a cabo neles.
5. O persoal ao servizo das Administracións Públicas: Dereitos e deberes. Incompatibilidades dos empregados públicos.
6. Elementos dunha instalación eléctrica interior: condutores, materiais e elementos. Tomas de terra e cadros de mando e protección.
7. Iluminación: luminarias, tipo de lámpadas a accesorios.
8. Localización e arranxo de avarías nas instalacións eléctricas.
9. Medición e útiles de medida: parámetros das instalacións. Aparellos de consumo: instalacións, detección de avarías e arranxo.
10. Elementos dunha instalación interior de subministro de auga: canos, accesorios, unións e soldadura por capilaridade.
11. Equipos de produción de auga quente. Reguladores e grupos de presión: instalación e mantemento.
12. Localización e arranxo de avarías nas instalacións interiores de subministro de auga, parámetros dunha instalación: medicións e útiles de medida. Axuste dunha instalación.
13. Aparellos sanitarios: colocación e accesorios. Avarías máis frecuentes. Billas: colocación, mantemento e arranxo. Desaugadoiros: materiais e elementos fundamentais. Desatracado.
14. Instalacións de calefacción: tipos, funcionamento e elementos. Operacións de mantemento e arranxo.
15. Muros: ladrillos, bloques e morteiros. Apertura de ocos. Tabiques: de ladrillo, de cartón xeso.
16. Revestimento de paredes: revestimento de recebo, revestimento lucido, revestimento encalado, revestimento pintado, revestimento enxesado.
17. Tellados e canlóns: eliminación de goteiras e humidades. Impermeabilización con láminas, feltros, velos e resinas.
18. Arranxo de carpinterías de madeira, aceiro, aluminios e PVC. Substitución de cerrallas e cerraduras. Substitución e arranxo de persianas. Procedementos básicos de soldadura eléctrica.
19. Pintura sobre cemento, madeira e metal.
20. Seguridade e saúde no traballo: Lei de prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigacións dos traballadores e do empresario en materia de prevención de riscos laborais. Normas e medidas protectoras individuais e colectivas. A utilización de equipos de protección individual.

ANEXO II - MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

APELIDOS	
NOME	
DNI	
DATA DE NACEMENTO	
NACIONALIDADE	
ENDEREZO POSTAL vía, número, piso, código postal, concello, provincia	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE CATRO (4) PRAZAS DE OFICIAL MANTEMENTO OBRAS (GRUPO C, GRUPO C2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base sexta das bases reguladoras do mesmo, a seguinte documentación:

Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade.

Copia do título acreditativo/xustificativo (ou certificado acreditativo equivalente) de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, do

título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto nas bases reguladoras.

Relación de méritos (índice dos mesmos) acompañada dos xustificantes acreditativos destes alegados na fase de concurso.

Copia de documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 3 ou equivalente.

Declaración responsable na que consten os seguintes extremos:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- Non atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria.

Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezoito euros (18,00 €) en concepto de dereitos de exame, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal.

Solicito a bonificación da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame

Cumpro os requisitos e achego xunto con esta instancia a documentación necesaria para solicitala.

Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación, documentación acreditativa de dita condición, e da miña compatibilidade coas funcións e tarefas propias da vacante convocada, nos termos do previsto, ao efecto, nas bases reguladoras.

Solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas.

Idioma do exame:

Carballo, a de de 2023.

AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Información básica sobre protección de datos

Acepto a política de privacidade e protección de datos.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); dpd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é APDTIC PROFESIONALES S.L.. có que poderá contactar en dpd@carballo.gal. Os datos serán utilizados en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello De Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: dpd@carballo.gal .

8.4.-BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE TRES (3) PRAZAS DE SUBALTERNO-CONSERXE (AGRUPACIÓN PROFESIONAL), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

Antecedentes.

Primeiro.- O Concello de Carballo na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local núm. 10/22, celebrada en data do 09/05/2022, (Expte. 2022/E003/000001), con corrección de erros por acordo da Xunta do Goberno Local de 07/11/2022, aprobou a Oferta de Emprego Público do Concello de Carballo para o ano 2022 (OEP 2022) (BOP núm.91 do 13/05/2022 e BOP núm.217 do 16/11/2022). Na mesma figuraban incluídas as seguintes prazas:

Grupo	CLASIFICACIÓN	Nº	DENOMINACIÓN	ACCESO
AP	Escala Administración Xeral Subescala Subalternos	3	SUBALTERNO AX	LIBRE

Segundo.- Por providencia da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de data 25/09/2023 ordenase a apertura do correspondente expediente de selección de persoal polo procedemento de Concurso-Oposición para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de tres (3) prazas de Subalterno (AP) da escala de Administración Xeral, subescala Subalternos, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Terceiro.- Consta no expediente Informe da Técnico de Persoal, de data 02/10/2023, onde informa favorablemente as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de tres (3) prazas de Subalterno (AP) da escala de Administración Xeral, subescala Subalternos, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Cuarto.- Consta no expediente Informe da Interventora Municipal, de data 19/10/2023, onde informa favorablemente a proposta formulada, para a selección de persoal, convocatoria e bases, das tres (3) prazas de Subalterno (AP) da escala de Administración Xeral, subescala Subalternos, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo, en quenda libre, coas observacións que figuran no dito informe no referente ao incumprimento do límite da taxa de reposición de efectivos da OEP 2022 Ordinaria.

Á vista do anterior no expediente 2023/E001/000026, propónse a Xunta de Goberno Local, que, en exercicio das competencias delegadas por Decreto da Alcaldía. núm. 1646/2023, de 22 de xuño de 2023, adopte o seguinte acordo:

E vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 31/10/2023, no expte. 2023/E001/000026, e da técnica de persoal da mesma data, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 de 20/06/2023 (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

quenda libre, de tres (3) prazas de Subalerno (AP) da escala de Administración Xeral, subescala Subalernos, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

O texto das Bases é o transcrito a continuación no presente acordo.

Segundo.- Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. As Bases reguladoras do proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal). O anuncio da Convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Polo tanto, tal e como se establece na base sexta das bases reguladoras desta convocatoria, o prazo de presentación de instancias será de **vinte (20) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA E O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE TRES (3) PRAZAS DE SUBALTERNO-CONSERXE (AGRUPACIÓN PROFESIONAL), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

Expte. 2023/E001/000026. SUBALTERNO-CONSERXE. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a regulación dos aspectos xerais e específicos da convocatoria e do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de tres (3) prazas de Subalterno (AP) da escala de Administración Xeral, subescala Subalternos, incluídas na Oferta de Emprego Pública Ordinaria do Concello de Carballo para o ano 2022, aprobada por acordo da Xunta do Goberno Local en sesión 10/22 ordinaria, celebrada en data do 09/05/2022, e publicada no BOP da Coruña núm. 91, do 13/05/2022 (Expte. 2022/E003/000001), con corrección de erros por acordo da Xunta de Goberno Local do 07/11/2022, e publicada no BOP da Coruña núm. 217, do 16/11/2022.

As características das prazas obxecto da presente convocatoria son as que seguen (inclúense as titulacións e nivel de CELGA ou equivalente esixidos):

Grupo	CLASIFICACIÓN	Nº	DENOMINACIÓN	ACCESO	TITULACIÓN ESIXIDA	CELGA ou equivalente
AP	Escala Administración Xeral Subescala Subalternos	3	SUBALTERNO AX	LIBRE	Non se esixe	CELGA 2

Funcións Subalterno-Conserxe:

- Asumir a apertura, peche e control do acceso ás dependencias municipais.
- Asistencia a sesións e actos protocolarios.
- Realizar tarefas materiais de auxilio á función administrativa: reprografía, uso de escáner, fax, encadernación, máquinas destrutoras, etiquetado, plastificado, guillotinado, grampadoras e similares. Traslado de documentación e similares.
- Atención telefónica.
- Xestión do taboleiro de anuncios.
- Recepción, clasificación, reparto e distribución de documentación e correspondencia. Correspondencia e paquetería: envíos postais.
- Recepción, distribución e inventario de produtos e pedidos. Control do almacén municipal: almacenamento de materiais non perigosos e perigosos, estantes, colgadoiros, outros espazos, retirada e reciclaxe de residuos, etc.
- Realizar pequenas tarefas de mantemento básico, que non requiran cualificación profesional algunha. Coñecemento do funcionamento e mantemento básico de: instalacións eléctricas, aparatos electrónicos (proxectores, vídeo proxectores, outras máquinas reprodutoras, sistemas de son e megafonía), sistemas de iluminación, sistemas de instalación de auga, instalacións de climatización (calefacción e aire acondicionado), fechaduras e chaves, fiestras e carpintería básica.
- Calquera outra, correspondente a súa categoría, e propia da área na que se integre.

2. PUBLICIDADE

As Bases reguladoras do proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal). O anuncio da Convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

3. SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de **CONCURSO – OPOSICIÓN**.

4. RÉXIME NORMATIVO APLICABLE

A correspondente convocatoria e proceso selectivo rexeráse polo disposto nas presentes bases, e en todo o non previsto por elas, pola seguinte normativa:

- A Constitución Española.
- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril de 1985, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.
- Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), modificada mediante a Orde do 10 de febreiro de 2014.
- Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo.
- Acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario do Concello de Carballo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Para ser admitido/a na realización das probas deste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

(a) Nacionalidade.

Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 57 do TREBEP e no artigo 52 da LEPG, no suposto de acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados, permita o acceso ao emprego público.

(b) **Idade.**

Ter feitos os dezaseis (16) anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

(c) **Capacidade funcional.**

Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

(d) **Habilitación.**

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais de outros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

(e) **Compatibilidade.**

Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

(f) **Titulación.**

De acordo coa Disposición Adicional Sexta do TREBEP, para os efectos desta convocatoria, para participar no proceso selectivo non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo.

(g) **Galego.**

Estar en posesión do certificado acreditativo/xustificativo que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega, CELGA 2 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación, requirido para o desenvolvemento en galego do traballo que a persoa aspirante vai realizar habitualmente no Concello.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base undécima da convocatoria, e que cualificará ao/á aspirante como APTO ou NON APTO.

5.2. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día no que remate o prazo de presentación das solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo e ata o momento, no seu caso, de toma de posesión como persoal funcionario.

6. SOLICITUDES

6.1. As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Carballo na que se fará constar que se reúnen todos e cada

un dos requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

6.2. As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).

Se conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral do Concello de Carballo será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Deberase mandar xustificante de envío da presentación de instancias a través das oficinas de correo postal ao correo electrónico: xestiondepersoal@carballo.gal dentro do prazo máximo de presentación de instancias.

6.3. As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o **modelo específico de solicitude** de admisión a probas selectivas.

Achégase modelo – tipo de solicitude de participación como **Anexo II** destas bases.

6.4. O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte (20) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6.5. Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes acompañarán, inescusablemente, a seguinte documentación:

- (1) Copia do **DNI**, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- (2) **Relación de méritos** (índice dos mesmos) acompañada dos xustificantes acreditativos destes.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración e valoración os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fora de prazo. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

- (3) **Declaración responsable** na que consten os seguintes extremos:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- Non atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria.

- (5) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezaoito euros (18,00 €) en concepto de **dereitos de exame**, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal (en diante OF 26).

Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais indicando, **en todo caso**, os datos persoais da persoa aspirante e a praza á que se opta:

ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 - CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249

A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

Consonte ao disposto no artigo 6 da OF 26 establécese, en virtude do artigo 24.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, unha bonificación do 100% da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame para aqueles suxeitos que cumpran todos e cada un dos requisitos indicados no artigo 6.1 da OF 26; para a concesión da dita bonificación os interesados deberán presentar xunto coa instancia de solicitude de admisión ás probas os documentos indicados no artigo 6.2 da OF 26.

[Ordenanza Fiscal núm. 26: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/ordenanzas/ordenanza/4100>]

En todo caso, o suxeito pasivo estará obrigado a facer constar a petición da bonificación xunto coa solicitude de admisión ás probas, debendo ingresar previamente a cota tributaria íntegra. A bonificación será concedida, no seu caso, posteriormente, procedendo, se fora o caso, á devolución dos ingresos, sen dereito á percepción de intereses de demora.

6.6. No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Copia de documento acreditativo/xustificativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento da lingua galega requirido, **CELGA 2** ou título equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos previstos na Orde de 16 de xullo de 2007, e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

6.7. Segundo ao artigo 17.2.d) da Ordenanza para o impulso social da lingua galega no Concello de Carballo, as probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios/as ao servizo do Concello faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente con antelación.

6.8. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual o superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude e, de conformidade co establecido nestas bases, achegar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria. Debendo advertir, asemade, xunto coa solicitude, se precisan dalgún tipo de adaptación nas probas a desenvolver.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán achegar coa solicitude:

- Certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, ou aqueloutro órgano competente ao efecto, que acredite tal condición; debendo achegar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria competente, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

6.9. A antedita acreditación documental realizarse mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da LPACAP (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo da mesma.

6.10. Coa presentación da instancia para tomar parte nesta convocatoria entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.11. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6.12. No marco da vixente normativa de **Protección de Datos**, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello de Carballo coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, sendo o seu cumprimento obrigatorio para a admisión na presente convocatoria.

Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase conforme a forma determinada na Disposición Adicional Sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

O Concello será o responsable do tratamento destes datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Carballo, enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia do DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo ou ao correo electrónico: dpd@carballo.gal. ou de forma presencial en calquera dos lugares establecidos na LPACAP. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a Protección de Datos solicitándoa ao correo electrónico: dpd@carballo.gal.

7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando as causas de exclusión en cada caso. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, concedendo un prazo de **dez (10) días hábiles** para emendar as deficiencias que sexan emendables, contado desde o día seguinte á devandita publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Quen dentro do prazo sinalado, non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido/a, será definitivamente excluído/a do proceso desta convocatoria.

Rematado o prazo de reclamacións, a Alcaldía ditará nova resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas, e elevando a definitiva a listaxe provisional de aspirantes ou corrixíndoa se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións. Resolución que será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

No caso de non existir deficiencias a emendar, ditarase resolución declarando a listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva, e procederase a publicala no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

Na mesma resolución incluírase a designación nominal do Tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como, o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

8. TRIBUNAL CUALIFICADOR

8.1. O tribunal cualificador é o órgano colexiado de carácter técnico, profesional e especializado, encargado do desenrolo e cualificación das probas selectivas, que actuará con estrita independencia ante calquera posible inxerencia.

O órgano de selección actuará con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros serán persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da presente convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Os seus membros velarán por garantir, en todo momento, a obxectividade e a transparencia do proceso selectivo e o cumprimento tanto das bases desta convocatoria coma das demais normas de aplicación.

A pertenza o tribunal será sempre a título individual sen que poida ostentarse en representación ou por conta de ninguén (artículo 60 TREBEP).

8.2. Os membros do tribunal cualificador noméanse na resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo e determinase o comezo das probas. Na dita Resolución indícarase nominalmente cada membro do tribunal, a súa pertenza a un determinado corpo/escala/categoría, o cargo que ocupa ou ben a posesión dunha determinada titulación, a fin de acreditar os principios de especialidade, mérito, capacidade, solvencia e profesionalidade.

8.3. A composición do tribunal cualificador responderá ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre muller e home. Seu funcionamento axustarase ás regras de imparcialidade e obxectividade.

Será nomeado polo órgano convocante, estará formado por un número impar de membros, en número non inferior a cinco (5), designándose o mesmo número de suplentes, e estará composto por:

- a) Un/unha presidente/a.
- b) Polo menos, 3 Vogais.
- c) Un/Unha secretario/a.

8.4. Todas as persoas que compoñan o tribunal cualificador deberán ter a condición de funcionarias de carreira e na súa composición velarase polo cumprimento do principio de especialidade. A totalidade dos membros deberá posuír unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo do posto da presente convocatoria. Ademais, en ningún caso o tribunal poderá estar formado maioritariamente por funcionarios pertencentes ao mesmo corpo ou escala da praza convocada.

8.5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores especialistas, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos para o dito asesoramento.

Así mesmo, o órgano de selección poderá valerse de persoal colaborador durante o desenvolvemento material dos exercicios.

8.6. En ningún caso poderán formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

8.7. O réxime xurídico aplicable ó tribunal cualificador axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante LRJSP).

8.8. Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das Administracións Públicas, artigo 23 da LRJSP.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusalos de acordo có disposto nos artigos 23 e 24 da LRJSP.

8.9. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, a lo menos, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente), debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a ou persoa en quen delegue. De todas as reunións que celebre o tribunal o secretario redactará a correspondente acta.

8.10. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recadando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

8.11. O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

8.12. Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo (e demais normativa concordante e/ ou substitutiva). En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

9. COMEZO E CRITERIOS XERAIS DO DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

9.1. Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso).

9.2. O sistema selectivo empregado será o **concurso-oposición**, que constará dunha fase de oposición obrigatoria e eliminatoria e dunha fase de concurso, obrigatoria e non eliminatoria. A fase de concurso deberá desenvolverse con carácter previo a fase de oposición.

9.3. Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para quen non acredite estar en posesión do nivel requirido, CELGA 2 ou equivalente.

9.4. Concluído cada unha das correspondentes fases, concurso e oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de aspirantes que superasen o proceso, indicando a puntuación obtida.

9.5. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo, agás nos casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

9.6. A orde de actuación dos/as aspirantes iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "V", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 23 de xaneiro de 2023, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o día 23/01/2023 (DOG nº 18 do 26/01/2023), ou de conformidade co establecido na Resolución vixente do ano en curso, de acordo co sorteo ao que se refire no artigo 9 o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non contar con aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

9.7. Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade.

O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade dos aspirantes. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o órgano de selección tivese coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer a súa exclusión á autoridade que convoca, ou no seu caso poñerá en coñecemento da mesma que puidese concorrer esta circunstancia para que, previas as comprobacións necesarias, resolva ao respecto.

9.8. Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

9.9. Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

9.10. Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario das convocatorias que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

10. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE CONCURSO (máx. 10 puntos)

Con carácter previo a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso.

A fase de concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos sinalados a continuación, alegados e xustificados polas persoas aspirantes, e na mesma poderase obter ata unha puntuación máxima de 10 puntos.

Para a valoración acompañarase relación (índice) circunstancial dos méritos que se aleguen, unindo á dita relación os documentos acreditativos daqueles, pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados no prazo de presentación de solicitudes.

O tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma

supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións, alegacións, que consideren oportunas no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo.

A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as posibles alegacións e no caso de non existir, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso proseguindo o proceso, sen prexuízo dos recursos que procedan a criterio e mellor defensa dos intereses dos/as aspirantes.

FORMACIÓN ESPECÍFICA: Ata un máximo de 10 puntos.

- A razón de 0,20 puntos por cada 20 horas formativas, ata un máximo de 10 puntos, por cursos de formación recibida, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo obxecto desta convocatoria.

Non se valorarán aqueles cursos de duración inferior a 20 horas. No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

Computaranse cursos de formación e perfeccionamento, titulación de Formación Profesional, titulacións Universitarias e titulacións de Posgraos (máster, experto universitario, curso especialización, técnico especialista, etc.) que versen sobre **materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto convocado**, cursados en universidades públicas ou privadas debidamente acreditadas, impartidos por Centros Oficiais e demais Administracións Públicas, así como centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo público, FEMP, FEGAMP, etc. sempre que tivesen sido oficialmente recoñecidos, e que se acrediten mediante título, certificado ou diploma coa expresión do curso realizado, o temario/contido e número de horas de realización de cada formación, ata o máximo de puntuación que se estableza nas bases.

Valóranse os cursos realizados integramente, non os módulos realizados por separado e que integren un curso.

Non serán obxecto de valoración outra formación en idiomas distinta da esixida como requisito.

Non se valorarán a realización de xornadas, seminarios, simposios ou congresos.

Terase en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os/as candidatos/as presentados/as, cando sexa a mesma formación con distintos niveis, é dicir, non son acumulables.

Soamente se computarán os cursos que queden acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e exprese con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de formación que o impartiu.

Non se computarán os cursos non acreditados polo aspirante.

11. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO: FASE DE OPOSICIÓN (máx. 90 puntos)

Rematada a fase de concurso, procederase a realizar a fase de oposición.

A fase de oposición consistirá na realización dos exercicios sinalados a continuación, e na mesma poderase obter ata unha puntuación máxima de 90 puntos.

Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para quen non acredite estar en posesión do nivel requirido, CELGA 2 ou equivalente.

Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de aspirantes que o superasen indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na listaxe terán a consideración de **non aptos**.

Non poderán superar a fase de oposición nin, consecuentemente, o proceso selectivo, aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios que lle resultan obrigatorios. Así, as persoas aspirantes que non superen algún dos exercicios obrigatorios quedarán eliminados/as do proceso selectivo.

Para garantir o anonimato os aspirantes realizarán os exercicios identificados cun código alfanumérico aleatorio que coincidirá co que identifique unha ficha co seu nome, apelidos e DNI e que introducirán nun sobre pechado que se identificará con ese mesmo código.

As probas selectivas faranse en lingua galega, a proba escrita distribuirase por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que as persoas aspirantes poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. Neste caso, as persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial solicitarana expresamente coa antelación debida e por escrito, de conformidade co artigo 17.d) da Ordenanza para o impulso da lingua galega no concello de Carballo (BOP núm.226 do 27/11/2013).

11.1. PRIMEIRO EXERCICIO. PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA: Ata un máximo de 30 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Consistirá na resolución **por escrito**, nun tempo máximo de 60 minutos, de **varias preguntas curtas** relacionadas con un ou varios supostos prácticos en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria e ás funcións propias do posto convocado.

O enunciado dos supostos será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio.

Neste exercicio, valorase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto dos supostos. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos aspirantes, a exactitude, corrección, seriedade e claridade expositiva da proba, ausencia de lagoas e contradicións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente, razoamentos, formulacións de conclusións e pragmatismo na resolución dos supostos.

A ponderación de cada un destes criterios en cada un dos supostos será posto en coñecemento dos aspirantes con carácter previo á realización do exercicio. Así mesmo, no caso de poñerse varios supostos prácticos polo tribunal con distinta puntuación cada un deles, deberá indicarse no exercicio entregado ás persoas aspirantes, a puntuación de cada un deles e o desenvolvemento dos criterios de cualificación xerais determinados, de selo caso.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 30 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 15 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados/as.

A cualificación de este exercicio farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas a este exercicio, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

11.2. SEGUNDO EXERCICIO. PROBA PRÁCTICA: Ata un máximo de 60 puntos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado o primeiro exercicio.

Para a realización deste exercicio da fase de oposición, as persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, aínda que o mesmo poida ter que ser desenvolvido en varias sesións.

Consistirá na **execución de actividades propias do posto**, un ou varios supostos prácticos que demostren a posesión de habilidades e destrezas en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria e ás funcións propias do posto convocado.

Neste exercicio, valorase:

- **Ata 30 puntos:** a calidade das actividades desenvolvidas, de acordo cos estándares da práctica laboral.
- **Ata 20 puntos:** a soltura e pericia das persoas aspirantes no desenvolvemento das mesmas, así como, no uso dos equipos, útiles e instrumentos que puidesen resultar necesarios.
- **Ata 10 puntos:** o correcto emprego de técnicas e medidas de protección e seguridade, tanto propias como aplicables ás persoas usuarias.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 60 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 30 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados/as.

A cualificación de este exercicio farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal. As persoas aspirantes poderán presentar as reclamacións/alegacións que consideren oportunas referidas a este exercicio, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación da súa puntuación na sede electrónica do Concello de Carballo. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

11.3. TERCEIRO EXERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Para a superación do proceso selectivo será preciso acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega esixido. En cumprimento do artigo 51 da LEPG, as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega de carácter eliminatorio.

O exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega será unicamente obrigatorio para as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de galego requirido, CELGA 2 ou equivalente, segundo o sinalado no apartado 5.1.g) das presentes bases.

Esta proba cualificará a persoa aspirante como **apta** ou **non apta**.

Consistirá nunha redacción en galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, dun documento relacionado coas funcións do posto de traballo e/ou nunha proba oral dun máximo de 10 minutos.

Estas probas serán acordes ás características funcionais dos postos de traballo convocados, para demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 2.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto/a, quedando eliminadas do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non acaden a dita cualificación.

12. CUALIFICACIÓN FINAL

12.1. Non poderán superar o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non teñan superado a totalidade dos exercicios obrigatorios. Cada un dos exercicios da oposición será cualificado consonte ao sinalado nas bases, sendo necesario aprobar cada un deles para acceder ao seguinte.

A puntuación e a orde de cualificación definitiva das persoas aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición, á que se engadirá a puntuación obtida na fase de concurso.

En caso de empate na puntuación final prevalecerá a puntuación obtida na fase de oposición, e de persistir o empate, dirimirase pola puntuación obtida no segundo e primeiro exercicio da oposición, sucesivamente e por esta orde. De persistir o empate, por quen tivera maior puntuación no concurso. De persistir o empate, dirimirase por sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

12.2. Finalizadas as probas, o tribunal fará público, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal, a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación, unha vez agregadas as dúas fases do proceso, e elevará dita relación, xunto coa acta da última sesión e a proposta de nomeamento, que terá carácter vinculante, á Alcaldía para que efectúe o correspondente nomeamento.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao de prazas convocadas.

No obstante ao anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

12.3. Para os efectos previstos no punto anterior, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados nesta convocatoria.

12.4. O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

13. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS

No prazo máximo de **vinte (20) días naturais**, contados desde o día seguinte a publicación das listaxes de aprobados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, as persoas aspirantes propostas para o nomeamento deberán presentar a documentación xustificativa do cumprimento das condicións de capacidade e dos requisitos esixidos nesta convocatoria:

- Documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados no concurso para o seu cotexo e compulsa coas copias presentadas xunto coa solicitude participación no proceso selectivo.
- Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Esta documentación presentarase, preferentemente por vía electrónica, mediante escrito, rexistrado e dirixido ao Servizo de Persoal do Concello de Carballo. Poderá tamén presentarse en

calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, a Alcaldía decretara o nomeamento como persoal funcionario de carreira a persoa aspirante proposta, sendo nulo o nomeamento de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo máximo **dun (1) mes**, contado desde o día seguinte ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, debendo prestar previamente xuramento ou promesa de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a formula de xuramento en cargos e funcións públicas.

Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, o/a nomeado/a non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

15. ELABORACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO

Elaborarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que, superando algún dos exercicios da fase de oposición, non obtivesen praza, para a cobertura temporal de prazas por persoal funcionario interino nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 23.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Esta listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Auxiliar Administrativo terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal, que poñan fin a vixencia da mesma. Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

A xestión desta listaxe de agarda de persoal funcionario interino será segundo ao indicado na Instrución vixente sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello de Carballo.

16. RECURSOS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, ou alternativamente recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de A Coruña, contados en ámbolos dous casos os prazos a partir do día seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

ANEXO I – TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978: Estrutura. Dereitos e deberes fundamentais. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura. As institución da Comunidade Autónoma: o Parlamento, a Xunta e o Presidente.
2. O municipio: concepto e elementos. Competencias propias, compartidas e delegadas. A poboación municipal. O estatuto do veciño.
3. O termo municipal de Carballo: Parroquias e rueiro. As instalacións municipais. Ubicación e características funcionais.
4. O persoal ao servizo das Administracións Públicas: Dereitos e deberes.
5. O procedemento administrativo común das Administracións Públicas: Principios xerais do procedemento administrativo. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación.
6. Funcións e Tarefas do persoal Subalterno: A atención ao público: Atención personalizada e información ao cidadán. Atención telefónica. Formulación de queixas e suxestións. Organización da información administrativa: as oficinas de información e atención á cidadanía.
7. Funcións e Tarefas do persoal Subalterno: Auxilio á función administrativa: reprografía, uso de escáner, fax, encadernación, máquinas destrutoras, etiquetado, plastificado, guillotinado, grampadoras e similares. Traslado de documentación e similares. Recepción, clasificación, reparto e distribución de documentación e correspondencia. Correspondencia e paquetería: envíos postais.
8. Funcións e Tarefas do persoal Subalterno: Recepción, distribución e inventario de produtos e pedidos. Control do almacén municipal: almacenamento de materiais non perigosos e perigosos, estantes, colgadoiros, outros espazos, retirada e reciclaxe de residuos, etc.
9. Funcións e Tarefas do persoal Subalterno: Tarefas de mantemento básico, que non requiran cualificación profesional algunha. Coñecemento do funcionamento e mantemento básico de: instalacións eléctricas, aparatos electrónicos (proxectores, vídeo proxectores, outras máquinas reprodutoras, sistemas de son e megafonía), sistemas de iluminación, sistemas de instalación de auga, instalacións de climatización (calefacción e aire acondicionado), fechaduras e chaves, fiestras e carpintería básica.
10. Seguridade e saúde no traballo: Lei de prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigacións dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais. Normas e medidas protectoras individuais e colectivas. A utilización de equipos de protección individual.

ANEXO II - MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

APELIDOS	
NOME	
DNI	
DATA DE NACEMENTO	
NACIONALIDADE	
ENDEREZO POSTAL vía, número, piso, código postal, concello, provincia	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, EN QUENDA LIBRE, DE TRES (3) PRAZAS DE SUBALTERNO-CONSERXE (AGRUPACIÓN PROFESIONAL), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNOS, INCLUÍDAS NA OEP 2022 ORDINARIA DO CONCELLO DE CARBALLO.

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base sexta das bases reguladoras do mesmo, a seguinte documentación:

Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da miña identidade e nacionalidade.

Relación de méritos (índice dos mesmos) acompañada dos xustificantes acreditativos destes alegados na fase de concurso.

Copia de documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 2 ou equivalente.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

Declaración responsable na que consten os seguintes extremos:

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- Non atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria.

Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezaioito euros (18,00 €) en concepto de dereitos de exame, consonte á Ordenanza Fiscal núm.26, reguladora da taxa por prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal.

Solicito a bonificación da cota tributaria da taxa en concepto de dereitos de exame

Cumpro os requisitos e achego xunto con esta instancia a documentación necesaria para solicitala.

Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación, documentación acreditativa de dita condición, e da miña compatibilidade coas funcións e tarefas propias da vacante convocada, nos termos do previsto, ao efecto, nas bases reguladoras.

Solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas.

Idioma do exame:

Carballo, a de de 2023.

AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Información básica sobre protección de datos

Acepto a política de privacidade e protección de datos.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); dpd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é APDTIC PROFESIONALES S.L. có que poderá contactar en dpd@carballo.gal. Os datos serán utilizados en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello De Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: dpd@carballo.gal .

9.-RESERVA ESPAZO PÚBLICO.

9.1.- VAO PERMANENTE NA AVDA. CRISTINA, NÚM. 81.AUTORIZACIÓN

EXPEDIENTE: 2023/V008/000018
INTERESADO: Rubén Andrade Suárez
REXISTRO: 202300000005464 de data 15/09/2023
ASUNTO: Vao permanente
SITUACIÓN: Avda Cristina, núm. 81, baixo
REF. CATASTRAL: 4644516NH2844N0001EW

Antecedentes e obxecto.-

O interesado solicitou, con data 15/09/2023, e número de rexistro de entrada no concello 202300000005464, autorización para a colocación dun vao permanente de 3,00 m para facilitar a entrada e saída de vehículos ao garaxe situado na Avda. Cristina, núm. 81, baixo. Segundo os datos da oficina virtual do Catastro, o edificio no que se sitúa o garaxe data do ano 1990.

Fundamentación.-

O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04/02/2016, mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, publicada no DOG de 26/02/2016. A normativa urbanística foi publicada no BOP da mesma data, e segundo esta normativa, a edificación á que dará servizo o vao está en solo clasificado como urbano-residencial intensiva.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 26 de novembro de 2018, aprobou inicialmente a ordenanza reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo. O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP da Coruña nº 243 de 21 de decembro de 2018. Na sesión ordinaria do pleno municipal do 25 de febreiro de 2019 foron resoltas as alegacións presentadas e, en consecuencia, aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo, sendo publicada no BOP da Coruña nº 48 de 11 de marzo de 2019.

No título III desta ordenanza (art. 78 e ss.) régúlase a autorización dos vaos. Neste expediente trátase dun garaxe correspondente cos descritos como permanentes no artigo 82 da ordenanza. Encádrase no apartado a) Garaxes privados ou de comunidades de propietarios cunha superficie mínima de 35 m².

A enxeñeira municipal e o vixiante inspector de obras xiraron visita de comprobación con datas 2 e 30 de outubro de 2023, constatando que o garaxe:

- .- Dispón dun extintor portátil de 6 Kg de eficacia 21 A – 113 B e alumeado de emerxencia.
- .- A ventilación é permanente e prodúcese de xeito natural.
- .- A evacuación producirase a través de porta de eixe vertical que comunica coas zonas comúns do edificio.

Polo anteriormente exposto ,visto o informe favorable da enxeñeira municipal,e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 30/10/2023, no expte.

2023/V008/000018, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

AUTORIZAR O VAO PERMANENTE de 3 metros de ancho para facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe do edificio situado na Avda. Cristina, núm. 81, de Carballo (referencia catastral 4644516NH2844N0001EW).

9.2.-RESERVA ESPAZO APARCAMENTOS RÚA PONTEVEDRA 7. VADO Nº 395. CAMBIO TITULARIDADE .

Foi vista a solicitude presentada pola interesada D^a. María del Carmen Castiñeira Amigo, con N.I.F 76335953B, con rexistro de entrada número 2023000000006066, de data 18/10/2023, para a tramitación do cambio de titularidade do vao permanente con número de placa municipal 395. Licenza de reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, outorgada por acordo adoptado por Decreto da Alcaldía, en data 24.04.2003, a nome de Demetrio Castiñeira Canedo, con NIF 32380278G, de dous metros de lonxitude e sito no baixo número 7 da rúa Pontevedra.

Consta no expediente o informe favorable do Técnico de Xestión e Inspección tributaria e catastral, emitido con data 25/10/2023.

Por todo o anterior, e vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 26/10/2023, no expte. 2023/X999/000969, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 de 20/06/2023 (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, con placa municipal número 395 de vao permanente, de dous metros de lonxitude e sito no número 7 da rúa Pontevedra, con efectos para o Padrón de vaos do ano 2024, a nome de María del Carmen Castiñeira Amigo, con NIF 76335953B.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados e a Intervención municipal para proceder ao cambio de titularidade da reserva de espazo da placa municipal de vao permanente número 395.

9.3.-RESERVA ESPAZO APARCAMENTOS RÚA RIO MIÑO 15. VADO Nº 92 .CAMBIO TITULARIDADE .

Foi vista a solicitude presentada polo interesado D^o. Pablo Novoa García, con NIF 58039812W, na súa representación María Inmaculada Arán Varela, con NIF 76365492H, con rexistro de entrada número 2023000000005166, de data 07/09/2023, para a tramitación do cambio de titularidade do vao permanente con número de placa municipal 92. Licenza de reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, outorgada por acordo adoptado en sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local, en data 26.08.1991, a nome de Alfredo Varela Pereira, con NIF 32331070Q, de tres metros de lonxitude e sito no baixo número 15 da rúa Río Miño.

Consta no expediente o informe favorable do Técnico de Xestión e Inspección tributaria e catastral, emitido con data 25/10/2023.

Vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 26/10/2023, no expte. 2023/X999/000756, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 de 20/06/2023 (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, con placa municipal número 92 de vao permanente, de tres metros de lonxitude e sito no número 15 da rúa Río Miño, con efectos para o Padrón de vaos do ano 2024, a nome de Pablo Novoa García, con NIF 58039812W.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados e a Intervención municipal para proceder ao cambio de titularidade da reserva de espazo da placa municipal de vao permanente número 92.

9.4.-RESERVA ESPAZO APARCAMENTOS RÚA AVENIDA DE BERGANTIÑOS 115. VADO Nº 1061.CAMBIO TITULARIDADE

Foi vista a solicitude presentada polos interesados D^a. Vanesa María Rivas Rey con NIF 76367257N, na súa representación Jessica Lavandeira Rodríguez, con NIF 79332372J, con rexistro de entrada número 202399900003925, de data 17/08/2023, para a tramitación do cambio de titularidade do vao permanente con número de placa municipal 1061. Licenza de reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, outorgada por acordo adoptado en sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local, en data 27.03.2013, a nome de Promociones Souto y Fraga S.A., con CIF B15857584, de tres metros de lonxitude e sito no baixo número 115 da rúa Avenida de Bergantiños. Consta no expediente o informe favorable do Técnico de Xestión e Inspección tributaria e catastral, emitido con data 27/10/2023.

Por todo o anterior, e vista a proposta da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 30/10/2023, no expte. 2023/X999/000736, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 de 20/06/2023 (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade da reserva de espazo de terreos de uso público para aparcamentos, con placa municipal número 1061 de vao permanente, de tres metros de lonxitude e sito no número 115 da rúa Avenida de Bergantiños, con efectos para o Padrón de vaos do ano 2024, a nome de Vanesa María Rivas Rey, con NIF 76367257N.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados e a Intervención municipal para proceder ao cambio de titularidade da reserva de espazo da placa municipal de vao permanente número 1061.

Fóra da orde do día, de conformidade co establecido no artigo 91.4 do RD 2568/1986 (ROF) e tendo en conta os artigos 177 e 81.1.a) do mesmo texto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), acorda incluír na orde do día o asunto enumerado co epígrafe FOD.1, a proposta do Concelleiro delegado de dirección e xestión das áreas de Promoción Económica e Turismo, e FOD.2 e a proposta da concelleira delegada de Cultura e festas

FOD.1.-TURISMO - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A DEPUTACIÓN PARA EVENTOS DE ARTE PÚBLICA URBANA NA MODALIDADE DE PINTURA MURAL 2024 (DP0040)

No BOP núm. 194 de data 10 de outubro foron publicadas as bases reguladoras do programa de subvencións a concellos para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2024 (DP0040/2024), aprobadas por A Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión do 6 de outubro de 2023.

As axudas obxecto da presente convocatoria refírense ás actividades para o desenvolvemento de programas ou eventos (festivais, certames...) de arte urbana na súa modalidade de pintura mural que se desenvolvan en calquera dos concellos da provincia da Coruña durante o ano 2024 e que acheguen un mínimo de 3 obras exteriores orixinais en grande formato (mínimo 16 metros cadrados), de distintos artistas ou colectivos de artistas na edición do presente ano.

Enténdense por eventos de arte urbana na súa modalidade de pintura mural, e serán obxecto de axuda aqueles programas, certames, festivais ou calquera outro formato con identificación e marca propia e recoñecible, programación diversa que aglutine diferentes propostas artísticas, organizado periodicamente, con data de celebración consolidada e orientada á consecución de públicos amplos ao redor dunha proposta de contidos coherente e definida.

O Concello de Carballo, coa vontade de promover a cultura e o arte, así como intervir na mellora do entorno urbano, organizará en xuño deste ano a décima edición do Festival Rexenera Fest, un festival de arte urbana que actúa como axente rehabilitador contra o feísmo urbanístico e utiliza as rúas como un espazo de diálogo e de expresión artística; rexenerando espazos deteriorados, aportando valor engadido á paisaxe urbanística, dinamizando o tránsito peonil e expandindo os espazos de lecer nas zonas nas que se vai intervir. O festival serve como plataforma de promoción, poñendo no mapa á vila a través da súas rúas e favorecendo un turismo cultural diferente cara o casco urbano do concello.

As actividades para o desenvolvementos desta edición do festival Rexenera Fest cumpren cos criterios establecidos na citada convocatoria de subvencións e polo tanto considérase de interese a participación na mesma.

Por todo o anterior, e vista a proposta do Concelleiro delegado de dirección e xestión das áreas de Promoción Económica e Turismo de 02/11/2023, no expte. 2023/A008/000048 e da técnica de Turismo da mesma data, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar a memoria explicativa do proxecto, redactada segundo o establecido no anexo I da convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos para a realización de eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2024.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña subvención para a realización da décima edición do festival de arte pública urbana "Rexenera Fest" durante o ano 2024, por importe de 35.000 €

CONVOCATORIA

PROXECTO

ORZAMENTO SOLICITADO

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G007/000023

Programa de subvencións dirixido a concellos para a realización de eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural Festival Internacional de arte pública	Festival Internacional de arte pública Rexenera Fest 2024	35.000 €
---	--	----------

FOD.2.- NOVIEMBRE CON MÚSICA 2023

A Concellaría de Cultura organiza o programa Novembro con Música, unha iniciativa na que colaboran gratuitamente agrupacións musicais de entidades culturais de Carballo e do Conservatorio Profesional de Música, e que se completa con outras actividades musicais de agrupacións profesionais de Carballo.

Os obxectivos de Novembro con Música son ofertar un programa musical variado no que estén presentes diferentes formas e estilos, tanto de grupos afeccionados como profesionais, facer protagonistas ás formacións musicais de Carballo así como ofrecer unha oportunidade aos amantes da música deste municipio de coñecer o traballo que estas agrupacións musicais viñeron realizando nos últimos meses e fomentar a educación musical.

Varias actividades que están previstas, como o concerto da Orquesta de Cámara Galega, e as funcións de teatro *Alma de Tigre* da compañía Elefante Elegante e *Relato para un incendio* de AAAntena, que se realizarán no mes de novembro e decembro respectivamente no Pazo da Cultura, os cachés serán sufragados directamente pola Deputación da Coruña, e o Concello farase cargo da cobertura técnica, tal como se establece nas cartas enviadas vía correo electrónico á Concellaría de Cultura pola Deputación da Coruña.

O Concello de Carballo tamén correrá cos gastos técnicos do concerto que conmemora o Día das Artes Galegas 2023. Martín Códax, da mezzosoprano María José Ladra acompañada ao piano por Margarita Viso, que está patrocinado pola Real Academia das Belas Artes e a Xunta de Galicia, que ademais se complementa coa exposición Pergamiño Vindel. O mesmo sucede co concerto do cantautor Walter César que está patrocinado por Consulado Uruguai en Galicia.

O programa de Novembro con Música complementáanse tamén con varios concertos organizados polo Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

A Concellaría de Igualdade participará neste programa patrocinando o concerto de Verónica Codesal e entidades asociativas de Carballo realizarán varias actividades celebrando aniversarios e conmemoracións relacionadas coa música.

Visto o anterior, e en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e vista a proposta da Concelleira delegado de Cultura e festas, de 02/10/2023, no expte. 2023/D004/000102, e da técnica de Cultura da mesma data, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde, segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar a realización do programa Novembro con Música conforme o programa de concertos e outras actividades culturais que se recolle a continuación:

PROGRAMA NOVIEMBRE CON MÚSICA 2023

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	ORGANIZA / COLABORA
NOVEMBRO				
Venres 10	XVII LIVE IN CANCES Festival Pop-Rock	Local Social de Cances	22.00h	Organiza: AC San Campio de Cances Colabora Concello de Carballo
Sábado 11	VERÓNICA CODESAL <i>100 voltas</i>	Pazo da Cultura	20.30 h	Organiza: Concellaría de Igualdade Patrocina: Goberno Belga
Venres 17	MARÍA JOSÉ LADRA E MARGARITA VISO Concerto Día das Artes Galegas. Martín Códax 2023	Pazo da Cultura	21.00 h	Organiza: Real Academia Galegas das Belas Artes Patrocina: Xunta de Galicia
Sábado 18	XXXVIII ANIVERSARIO CORO AIRES DE BERGANTIÑOS	Pazo da cultura	20.30 h	Organiza: Coro Aires de Bergantiños
Domingo 19	SONS DE AQUÍ Banda Municipal de Gaitas, Grupo de cantareiras de AC Nemeth, ACX Arume de Verdillo, Escola do Alprende de Oza, AC San Campio de Cances	Pazo da Cultura	19.00 h	Colabora: Agrupacións de Carballo
Xoves 23	ELEFANTE ELEGANTE Alma de Tigre	Pazo da Cultura	20.30h	Colabora: Deputación da Coruña
Venres 24	ORQUESTA DE CÁMARA GALEGA	Pazo da Cultura	21.00 h	Colabora: Deputación da Coruña
Sábado 25	CONCERTO DE SANTA CECILIA	Pazo da Cultura	20.00 h	Organiza: Coral Polifónica de Carballo
Domingo 26	WALTER CÉSAR Oriental y Gallego	Pazo da cultura	19.00 h	Patrocina: Consulado Uruguaio en Galicia
Martes 28	CONCERTO BIG BAND DO CONSERVATORIO DE CARBALLO	Pazo da Cultura	20.00 h	Organiza: Conservatorio Profesional de Música
DECEMBRO				

Venres 1	CONCERTO BANDA MUNICIPAL DO CONSERVATORIO	Pazo da Cultura	20.00 h	Organiza: Conservatorio Profesional de Música
Xoves 14	AANTENA Relato para un incendio	Pazo da Cultura	20.30h	Colabora: Deputación da Coruña
Do 17 de novembro ao 3 decembro	EXPOSICIÓN PERGAMIÑO VINDEL	Pazo da Cultura		Organiza: Real Academia Galegas das Belas Artes Patrocina: Xunta de Galicia
Do 29 de novembro ao 30 decembro	EXPOSICIÓN OS CAMIÑOS DE CARLOS CASARES	Pazo da Cultura		Organiza: Fundación Carlos Casares e Concello de Carballo Patrocina: Deputación da Coruña

Segundo.- Aprobar os gastos correspondentes ás actividades de Novembro con Música 2023 con cargo á aplicación orzamentaria 3340-22609 "Actividades Culturais" do Orzamento Xeral do Concello de Carballo (núm de operación 220230013604 do 2 de novembro de 2023, referencia intervención 22023006179), conforme o seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE
CONTRATACIÓNS ARTÍSTICAS	1.680,00€
ALUGUER DE INFRAESTRUCTURAS E SERVIZO TÉCNICO	2.500,00€
DESEÑO GRÁFICO, PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DO PROGRAMA	1.500,00€
OUTROS GASTOS VARIOS	200,00€
TOTAL	5.880,00€

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:.... horas a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como secretaria dou fe.